

As incertezas acaparan a evolución internacional



INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL



En Galicia temos opinión do Mundo

www.igadi.org



As incertezas acapanan a evolución internacional



Dirección: Xulio Ríos.

Equipo colaborador: David Alvarado, Nazanin Armanian, Daniel González Palau, Roberto Mansilla Blanco, Roberto Montoya, Pere Ortega, Marola Padín, Antonio Carlos Pereira Menaut, Alfredo Toro Hardy.

Maquetación: PositiBos.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN: As opinións expresadas non reflicten necesariamente as do IGADI e son responsabilidade dos seus autores.



XUNTA
DE GALICIA

A edición deste informe contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Índice

0. Presentación	4
1. As claves de 2016	
1.1 A Casa Branca de Donald Trump	7
1.2 Novas tirapuxas na crise política europea	8
1.3 Colombia e a contraofensiva conservadora en América Latina	9
1.4 Asia: da sentenza da CPA ás incógnitas sobre o TPP	10
1.5 Erdoğan da o golpe	12
2. Perspectivas 2017	
2.1 O futuro da alianza sino-rusa	14
2.2 Xi Jinping ante o XIX Congreso do PCCh	15
2.3 Recta final da guerra en Siria?	16
2.4 Ecuador <i>post</i> -Correa	17
2.5 África: NEPAD e <i>boom</i> económico	18
3. Reflexións por áreas xeográficas	
3.1 Marrocos á conquista do continente africano, por David Alvarado	20
3.2 UE: Balance dos 60 anos pasados e votos para os 60 vindeiros, por Antonio-Carlos Pereira Menaut	22
3.3 Ruta(s) da seda: intercambio de innovacións e perigos por terra e mar, por Marola Padín Novas	24
3.4 Os desafíos das eleccións presidenciais de Irán 2017, por Nazanin Armanian	26
3.5 Hong Kong: 20 anos baixo soberanía chinesa, por Xulio Ríos	28
4. Reflexións transversais	
4.1 É unha opción a desglobalización?, por Alfredo Toro Hardy	31
4.2 COP22 Marrakech: Irreversible ou papel mollado, por Daniel González Palau	34
4.3 Os “Papeis de Panamá”, por Roberto Montoya	36
4.4 Drogas, unha guerra perdida?, por Roberto Mansilla Blanco	38
4.5 Pódese frear o gasto militar, por Pere Ortega (Centre Dèlas)	40
5. Personaxes de 2016	
Donald Trump / Adama Barrow / Antonio Guterres / Tsai Ing-wen / Fidel Castro Ruz	42
Os autores	45

O.

Presentación

Cánto mudará o mundo en 2017? As miradas céntranse no comezo da presidencia de **Donald Trump** en EUA e nos seus impactos globais. Xa nos refiramos aos escenarios económicos ou estratéxicos, as declaracións do presidente electo estadounidense suxiren mudanzas nalgúns eidos e un claro afán de rachar co continuísmo en áreas relevantes. Será iso posible? EUA segue a ser o país máis poderoso do mundo pero o nivel de interdependencia con outras economías importantes imporá negociacións e concesións.

A tríade global

A evolución das relacións no eixe EUA-Rusia-China determinará en grande medida as relacións internacionais en 2017. Ata agora, o entendemento sino-ruso cimentou unha alianza de facto que ven contrariando os intereses de EUA e Occidente en varios escenarios. Trump deixou clara hai tempo a súa vontade de mellorar as relacións con Rusia, un feito que, de se confirmar, podería influír nun significativo cambio de coordenadas tanto en conflitos concretos, como o de Siria, como igualmente na consideración dos intereses do Kremlin na súa veciñanza, refreando a expansión da OTAN. O nomeamento como secretario de Estado de **Rex Tillerson** apunta nesa dirección. Pero, podería desembocar nunha especie de diplomacia do ping-pong á rusa?, podería Trump abrir unha

fenda crítica na alianza sino-rusa atraendo ao Kremlin ata o punto de hipotecar o futuro de entes como a Organización de Cooperación de Xangai ou os BRICS integrantes desa nova acronomía chamada a redeseñar a orde global?

China está desconcertada con Trump. E expectante. Imaxinaba unha presidencia esvaradiza no económico pero menos belixerante no estratéxico. A vontade de desentenderse do Acordo Transpacífico e do *Pivot to Asia* auspiciado por **Hillary Clinton**, confiando quizais a Xapón o virreinato de Asia, con implicacións igualmente no eido da seguridade, agrandaría as posibilidades de China no eido rexional. Pero as diatribas en relación a Taiwan, Corea do Norte ou o Mar da China meridional xeran dúbidas notables aínda que poden ser só bazas esgrimidas para unha negociación comercial que poría sobre a mesa asuntos de natureza non só económica. Os acenos de diplomacia coercitiva de Trump en relación a China e os seus anuncios proteccionistas contrastan co perfil dun gabinete no que sobresaen os ex executivos de grandes corporacións, o que para uns suxire pragmatismo e profesionalidade mentres que outros non descartan conflitos comerciais e monetarios severos entre as dúas economías máis grandes do mundo. Todos eses líderes corporativos beneficiáronse da globalización e probablemente condicionarán e matizarán calquera cambio substancial na política económica estadounidense.

Na orde interna, China celebrará en 2017 un congreso do Partido Comunista que será igualmente crucial para definir os trazos da ruta cara o seu primeiro centenario (2021). China é xa o primeiro socio comercial de 120 países no mundo dun total de 196 e en 2016

confirmouse como o primeiro comprador global, desbancando a EUA. Pero os seus retos internos e a presión occidental por evitar que a súa modernización económica culmine cunha preservación de soberanía tal que lle permita establecer as regras do mundo futuro suman incertezas sobre a estabilidade do seu proceso.

En América Latina, EUA ven retomando posicións. En marzo do pasado ano, **Barack Obama** visitou Arxentina e Cuba. **Mauricio Macri** ordenou pagar a débeda millonaria a fondos especulativos de inversión que **Cristina K.** rexeitaba e desfixo o vínculo con Venezuela. Cuba, trala desaparición de **Fidel Castro**, apura a conta atrás para acelerar unha reforma que non admite demoras coa incerteza engadida da continuidade da política auspiciada por Obama. O debilitamento dos países bolivarianos e a mingua do peso do progresismo político (Brasil pasou a mans doutro conservador, **Michel Temer**) suporá un realiñamento do continente e traerá consigo o afrouxamento das iniciativas de coordinación e cooperación política na rexión, con probable impacto tanto na UNASUR como na CELAC. Ademais de Ecuador, co horizonte post-Correa na axenda, Chile afrontará eleccións presidenciais. **Piñera** lidera a intención de voto.

Cabe esperar que Venezuela siga sumida na súa particular incerteza cun diálogo entre goberno e oposición que non está pasando polos mellores momentos. O Vaticano, que acompaña este acercamento xunto a UNASUR e os ex presidentes **Rodríguez Zapatero**, **Leonel Fernández** e **Martín Torrijos**, chamou a manter o diálogo pero as expectativas son moi limitadas ante o que a Mesa de Unidade Democrática cualifica de

“incumprimentos” do presidente **Nicolás Maduro**.

As previsións económicas da CEPAL para a rexión anuncian un modesto crecemento do 1,3 por cento, tras un exercicio 2016 marcado pola contracción: 1,1 por cento, con -2,4 por cento en América do Sur. China comezará en 2017 a implementar a súa nova política para a zona con novos desembarcos millonarios mentres EUA probablemente centrará a súa atención en México e Cuba, tanto por razóns económicas, políticas como de seguridade.

A Unión Europea

Europa conmemorará os 60 anos da firma do Tratado de Roma enfrontando un severo cuestionamento do proxecto. A suma de diversas crises (económica, social, política) e a progresiva laminación do seu modelo tanto no eido socioeconómico como na política exterior, xoga á baixa da súa afirmación como un actor global. No seu lugar, volven as vellas potencias (Reino Unido, Alemaña....) mentres o desapego ao ideal europeísta medra a pasos axigantados co paradoxo dunha reafirmación que cristaliza nunha extrema dereita renacida ante o auxe do racismo e a xenofobia. Os diversos procesos electorais en Estados clave e a xestión do Brexit contribuirán a deslucir a euforia continental de hai seis décadas.

A Trampa de Tucídides

A clave do ano virá marcada pola intensificación da pugna entre as principais econo-

mías globais. A hipótese dun incremento das tensións que precipite conflitos de relativa envergadura non está fóra de lugar. Fronte á perspectiva dun chanzo máis no relevo na supremacía global que abra camiño a unha orde multipolar de forma progresiva e pacífica, as resistencias ao declive, expresadas na propia vitoria de Donald Trump, poden adquirir formas e expresións en extremo perigosas para a estabilidade mundial.

O Director.

1.

As claves de 2016

1.1 A Casa Branca de Donald Trump

O efecto tectónico causado pola inesperada vitoria electoral de **Donald Trump** nas presidenciais de EUA (8 de novembro) abre unha etapa marcada polas incertezas e a imprevisión, particularmente sobre a política a seguir pola Casa Branca. En perspectiva electoral, o seu triunfo explícase polo manexo de variables como a identidade, motorizada polo descontento social ante un *establishment* desconectado das demandas cidadás.

Este contexto expresa unha complexidade latente que ven ilustrando os serios contrastes nos que se desenvolve desde fai anos a sociedade estadounidense, configurando así expresións ás veces confusas en materia de elección e de representatividade política.

Alén do seu estilo grotesco e estridente, Trump recolleu as inquietudes que na sociedade estadounidense ven exercendo a globalización e o multiculturalismo dentro dunha identidade nacional xa de por si complexa e difusa. Mobilizou así un votante visiblemente mais homoxéneo, profundamente conservador, basicamente rural pero igualmente incrustado nas clases medias populares urbanas, particularmente en estados industriais colapsados pola crise económica.

Este segmento electoral consolidou o triunfo de Trump, principalmente nos estados do Medio Oeste. Outros dos seus apoios

mais significativos cabe referilos ás influentes comunidades evanxélica e católica, temerosas ante as políticas progresistas impulsadas durante a administración **Obama** (aborto e matrimonio homosexual).

Se o factor da identidade impuxo un selo decisivo nas eleccións de 2016, resta observar en que medida Trump simboliza unha expresión representativa do descontento cidadá cara as súas elites políticas, un fenómeno cada vez mais notorio no mundo occidental. Cun discurso reaccionario, Trump adoptou un estilo ofensivamente directo, desprovisto dunha linguaxe “politicamente correcta”, inaugurando así unha perspectiva “populista” practicamente inédita na política estadounidense contemporánea, con expectativas de revolucionar o seu mapa político e electoral.

Comodamente instalado nas trincheiras do populismo nacionalista e amparado na maioría republicana na Cámara de Representantes e no Senado, está por ver se Trump é capaz de establecer un inevitable equilibrio institucional ante a presión dos “baróns” republicanos, das elites políticas e da influente opinión pública. Nadando no terreo das expectativas, o novo presidente impulsará unha axenda comercial proteccionista con reminiscencias *reaganianas*, suxeito a grandes intereses privados e empresariais, complementadas con medidas restritivas en materia de inmigración.

Pero as inquietudes e a confusión alcanzan á súa visión da política exterior. Preventivamente, Trump semella proclive a aplicar un *aggiornamento* nas alianzas exteriores de Washington, incluso adoptando políticas de certo illamento exterior no cometido de fortalecer a súa axenda interna ou co seu pretendido xiro favorable a entenderse con Rusia

(nomeamento de **Rex Tillerson** como novo secretario de Estado) e como este contexto influirá nun eixe atlantista (Europa, OTAN) que verá alterados diversos intereses estratégicos (Ucráina, Siria).

A eventual *entente* con Moscova incidirá igualmente na presumible fricción de Trump con respecto a unha China emerxente. A súa provocadora aceptación da chamada da presidenta taiwanesa **Tsai Ing-wen** (2 de decembro), o seu rexeite da Asociación Transpacífica (TPP) e o nomeamento como asesor comercial de **Peter Navarro** (un duro crítico da política comercial con China) definen un clima de tensión entre Washington e Beijing. Este contexto pode ter unha forte incidencia en Asia-Pacífico, factor que pode ser aproveitado por China pero tamén por outros actores, particularmente o emerxente nacionalismo xaponés.

Está igualmente por ver se o “efecto Trump” terá incidencia a través de expresións similares e incluso simpatizantes noutras latitudes, particularmente en Europa (**Le Pen, Orban**) ou no sueste asiático (**Rodrigo Duterte** en Filipinas). O terremoto político global que está a provocar Trump intúe consecuencias tan imprevistas como eventualmente contraproducentes.

1.2 Novas tirapuxas na crise política europea

O 2016 foi un ano particularmente frenético para Europa. Destacan aquí os efectos provocado polo *Brexit* (referendo do 23 de xuño) como catalizador da primeira ruptura interna na UE por parte dun país membro (Gran Bretaña). Engádense tamén o rexei-

te holandés do Acordo de Asociación UE-Ucráina (6 de abril); os atentados terroristas *xihadistas* en Bélxica, Turquía, Alemaña e Francia; o avance político e electoral dos populismos xenófobos (Austria, Alemaña, Holanda, Francia); o referendo consultivo húngaro contra os refuxiados (2 de outubro); os efectos na relación transatlántica da vitoria de Donald Trump; o fracasado referendo constitucional en Italia (6 decembro); e as expectativas ante un 2017 chave en materia electoral, con comicios xerais no eixe vertebral da UE (Francia, Alemaña).

Dende unha perspectiva global, Europa vese inmersa nunha crise de identidade que se manifesta nas incertezas sobre a solidez, cada vez mais minguante, do seu proceso de integración e de ampliación. Estas contradicións vense igualmente manifestadas nas novas expresións de representación que van aparecendo no plano político e electoral, así como na súa incapacidade por erixirse como actor autónomo relevante no escenario internacional, cada vez mais neutralizado por intereses externos (EUA, Rusia).

A crise dos refuxiados que dominou a axenda de 2015 veuse radicalmente aparca da polo acordo entre a UE e Turquía (abril de 2016) orientado a frear a vaga de refuxiados, principalmente dos provenientes do conflito sirio, un acordo cualificado de inaceptable ata por ACNUR. En Siria, Europa tampouco ten peso relevante, atomizado polos intereses doutros actores e incapaz de formularse como actor de resolución de conflitos. O drama inmigrante prosegue a súa ruta mediterránea (Libia, Magreb, África subsahariana).

O contexto actual de cara a un 2017 estratégico no plano electoral ilustra certa anomia e imprevisión. O *Brexit* e o avance de opcións

“antisistémicas” alteran o hexemónico poder das elites do *establishment* asentado en Bruxelas, que agora encoméndanse á eventual reelección de **Ángela Merkel** nos próximos comicios xerais alemás (setembro 2017). Cos prazos previstos na definitiva saída británica (febreiro 2017), tampouco existen políticas de consenso adecuadas para acometer os nacionalismos periféricos (Escocia, Cataluña, Flandres).

A obsesión por manter o *establishment* acentuarase no decisivo 2017 electoral, aínda que os resultados poden ser contraproducentes. Se o *Brexit* provocou a caída do ex primeiro ministro británico **David Cameron** mentres o fracasado referendo italiano levou á dimisión de **Mateo Renzi**, a vitoria do verde **Alexander Van Der Bellen** por riba do ultradereitista **Norbert Hofer** nas presidenciais austríacas (6 decembro) supuxo un “balón de osíxeno” ao *statu quo* da UE. Nas presidenciais francesas (maio 2017), o *establishment* aposta pola candidatura de **François Fillon** para derrotar á ascendente ultradereita de **Marine Le Pen**, mentres o PS medita sobre o seu candidato trala renuncia de **François Hollande**.

Con Trump na Casa Branca, a relación transatlántica podería experimentar un xiro radical de se confirmar o presumible entendemento con Rusia e se recúan algúns proxectos (TTIP, CETA), fortemente cuestionados por amplos sectores da cidadanía europea.

Polarizado pola persistente crise socioeconómica, cuxa única resposta dende Bruxelas apuntou á austeridade como táboa salvadora, Europa mergúllase en contextos imprevistos e incertos. Sen claros síntomas de recuperación económica, incapaz de prover dun consenso político que poida recon-

ducir o proceso europeísta a favor dun maior benestar social, as expectativas de estabilidade dentro da UE deteríoráranse polas tirapuxas políticas, cunha prolongada fase de parálise e neutralización.

1.3 Colombia e a contraofensiva conservadora en América Latina

A vitoria do Non (50,3%) no referendo sobre os Acordos de Paz (2 de outubro) en Colombia marcou un punto de inflexión nunha sociedade polarizada polo súbito final de 52 anos de conflito armado, pero aparentemente pouco convencida sobre o consenso necesario para afrontar a etapa post-conflito. A elevada abstención (62%) evidenciou tamén síntomas de preocupante apatía e distanciamento, confirmando unha evidente derrota política para o seu principal impulsor, o presidente **Juan Manuel Santos**.

Independentemente do resultado do referendo e dos efectos sobre o propio presidente (principalmente da man do ex presidente Álvaro **Uribe Vélez**, principal rival político de Santos), o proceso de paz coa guerrilla das FARC iniciado en 2012 en Cuba logrou reconducirse ás novas circunstancias. Santos igualmente foi galardoado co Premio Nobel da Paz.

Con todo, o referendo colombiano debe contextualizarse dentro do rexurdimento de opcións “neoconservadoras” que gañan terreo a nivel rexional á vista dos recentes resultados electorais. O triunfo do “Non” resucita ao “uribismo” como forte opción electoral de cara ás presidenciais colombianas de 2018, en aras a recompoñer un mapa político “post-conflito” onde unha guerrilla desarma-

da buscará converterse en opción electoral.

Esta reacción “neoconservadora” simboliza unha etapa de cambios no contexto político hemisférico, onde a polarización no péndulo electoral advirte dunha viraxe ás veces ideoloxicamente amorfa e cun tránsito cada vez mais escorado cara o centrismo tecnócrata e liberal. O “macrismo” na Arxentina, a caída presidencial de **Dilma Rousseff** tralo *impeachment* (maio 2016), e o triunfo de **Pedro Pablo Kuczynski** nas presidenciais peruanas (xuño 2016) certifican esa viraxe “neoconservadora” a nivel hemisférico.

Pendientes da cada vez mais grave crise venezolana, anúnciase unha nova *realpolitik* hemisférica establecida polo pragmatismo estacionario (Ecuador, Bolivia, Nicaragua) obrigado a acomodarse dentro deste novo marco. O anunciado final do ciclo progresista “antineoliberal” dominante na pasada década potenciará unha reconstitución das forzas políticas, a través dun equilibrio horizontal non menos atomizado, no que destacan a reaparición de tendencias outrora predominantes no escenario político.

Este equilibrio hemisférico está igualmente condicionado pola reedición dun “neo-consenso de Washington” pendente de actualizarse coa presidencia de Trump. Expectantes sobre o que sucederá coa apertura con Cuba, a reordenación do campo xeopolítico hemisférico estará igualmente potenciada por intereses económicos, pola puxa global dos mercados e pola emerxencia de novas clases sociais constituídas dentro dunha nova cultura política.

Precisamente, a aparición destas novas elites políticas e económicas “post-progresistas” non desestiman os casos de corrupción en diversas estruturas de poder (Brasil co

novo presidente **Michel Temer**), toda vez a caída dos prezos das materias primas obstaculiza a preservación do gasto social, propiciando a austeridade económica.

Neutralizada a hexemonía das esquerdas (1999-2015), o “reequilibrio” hemisférico contempla o retorno do “neoliberalismo” centrista e tecnocrático. Este “neoconservadurismo” non impide convivir con algunhas hexemonías políticas (Ortega en Nicaragua, *post-Correa* en Ecuador) non necesariamente contrarias aos intereses das forzas do mercado nin aos acordos de libre comercio atlantistas e trans-pacíficos.

A pretensión “neoconservadora” por desarticular as hexemonías das esquerdas (“chavismo”, “kirchnerismo”, “evismo”) influirá igualmente na reactivación dos sectores socialdemócratas e progresistas, cunha axenda política cada vez mais escorada cara un centrismo “beatificado” polas forzas do mercado.

A incógnita principal radica en comprobar se as políticas progresistas e a axenda social acentuada polos gobernos de esquerdas lograrán canalizar unha nova cultura política cidadá, moito mais activa, heteroxénea e transversal, que permita consolidar actores alternativos. Esta reconstitución política hemisférica augura pulsos que poden incluso contrariar a eventual consolidación desta reacción “neoconservadora”.

1.4 Asia: da sentenza da CPA ás incógnitas sobre o TPP

A pugna polas influencias tanto económicas como estratéxicas en Asia-Pacífico depa-
parou importantes sorpresas en 2016. Dun-

ha banda, China seguiu adiante coas súas propostas económicas centradas na Ruta Marítima da Seda, o Banco Asiático de Inversión en Infraestruturas e a Asociación Económica Integral Rexional (RCEP, siglas en inglés) acrecentando en paralelo as súas accións no Mar da China meridional. EUA e os seus aliados na rexión, especialmente Xapón e Filipinas, embarcados na estratexia de *Pivot to Asia* a cabalo da promoción do Acordo Transpacífico (TPP, siglas en inglés) e o fortalecemento das alianzas militares experimentaron pola contra cambios de tendencia significativos.

Un punto de inflexión supuxo o ditame de 12 de xullo da Corte Permanente de Arbitraje da Haia (CPA), ao dar a razón a Manila contrariando as teses de China respecto dos seus pretendidos dereitos históricos nas illas e augas disputadas do Mar de China meridional. O alboroto de protestas acompañouse de manobras militares a oito, aumentando os signos de inestabilidade en toda a periferia marítima do xigante asiático.

Pola súa banda, no novo Libro Branco da Defensa xaponés, aprobado o 2 de agosto, Tokio reitera a advertencia sobre a “ameaza chinesa”. Beijing cualificou estas afirmacións de esaxeración interesada, “hostil e enganosa”, concibida unicamente para xustificar o fortalecemento das capacidades militares niponas e abrir paso a cambios constitucionais que faciliten o rexurdir militarista. O nomeamento de **Tomomi Inada** como ministra de defensa subliñaría eses intentos de avanzar na reconfiguración do paradigma de seguridade de Xapón, apurando a emenda do compromiso pacifista de Tokio. En China interpretouse o anuncio da intención de abdicar do emperador **Akihito** como unha expresión de defen-

sa da Constitución actual e unha desautorización dos plans de **Shinzo Abe**.

A maiores, o lanzamento de tres mísiles balísticos por parte de Corea do Norte recibiu de Beijing unha maior comprensión que en anteriores ocasións. Pese a supoñer unha nova violación das resolucións da ONU, considerou a acción unha resposta previsible ante o anuncio efectuado en xullo do acordo surcoreano-estadounidense para despregar un escudo antimísiles na península. Segundo o memorando asinado, Seúl acollerá unha batería do sistema global de defensa antimísiles programado por EUA o cal permitiríalle manter a súa supremacía militar na rexión. A inestabilidade política reinante en Corea do Sur, ás portas dun probable proceso de destitución da presidenta **Park Geun-hye**, podería facer naufragar o acordo. É a protección de Corea do Sur fronte ás ameazas do Norte o principal argumento que sustenta esta medida. No entanto, o seu despregue desafia os equilibrios de toda a rexión e traerá consigo a activación dunha probable carreira armamentista, de longa xestación na zona. Por suposto, en ningún caso cabe imaxinar que disuadirá a Pyongyang das súas ameazas.

Noutra orde, Hanoi denunciou que hackers chineses violaron os sistemas informáticos dos principais aeroportos do país, mentres os presuntos boicots -non recoñecidos- ao turismo ou ás importacións de Corea do Sur ou Filipinas (e ata Taiwan), complican os escenarios de cordialidade na diplomacia de veciñanza impulsada por **Xi Jinping**.

Sorprendentemente, as esperanzas dunha normalización con Filipinas confirmáronse trala elección en xuño do presidente **Duterte**, quen despachou a Beijing ao ex presidente **Fidel Ramos** para distanciarse

de Washington. China ofreceu desinteresadamente ata 14 millóns de dólares en armas pequenas e embarcacións rápidas a Manila para axudar na loita contra as drogas. Esta alteración xunto ás declaracións do presidente electo estadounidense Donald Trump tanto en relación ao futuro do TPP como ao compromiso de seguridade cos seus aliados en Asia van comprometer ese afán de plantar cara ás ambicións de China. O primeiro ministro nipón foi o primeiro líder estranxeiro en reunirse con Trump.

Na India, o primeiro ministro **Narendra Modi** non obtivo aínda o éxito prometido na súa campaña de desmonetización dos billetes de 500 e 1000 rupias para loitar contra o diñeiro negro. Polo demais, pouco cabe dicir no que atinxe ás relacións co veciño paquistaní. O ano 2016 foi particularmente violento en Caxemira. Por outra banda, en Tailandia, a xunta no poder anunciou novos aprazamentos das eleccións xerais.

1.5 Erdoğan da o golpe

A expresión do poder autocrático do presidente turco **Recep Tayyip Erdoğan** tivo a súa manifestación mais nítida trala confusa tentativa de golpe militar (15 de xullo) así como na brutal purga posterior, que alcanzou a miles de membros dos estamentos militar, xudicial, educativo e burocrático.

Politicamente reforzado, Erdoğan cataliza un contexto *post*-golpe que implica barallar diversos intereses xeopolíticos establecidos dentro do estratéxico espazo euroasiático. No plano interno, Erdoğan e o gobernante partido islamita AKP aceleran os mecanismos para consolidar un poder hexemónico

que agardan verse reforzado a través dunha reforma constitucional con miras de presidencialismo vitalicio. Este poder hexemónico implica neutralizar calquera manifestación de autonomía nunha sociedade cuxa cultura política ven amosando inesperadas transformacións.

A principal delas ten que ver co cambio na correlación de forzas actualmente existente en Turquía. Por primeira vez na historia contemporánea turca, un intento de golpe militar fracasaba na perspectiva de recuperar o antano omnipotente poder da casta militar. O gradual apoio cidadá a Erdoğan así como de practicamente todos os actores políticos, incluído o kemalista Partido Republicano do Pobo (CHP), revelaría inicialmente a consolidación deste novo marco político monopolizado polo AKP.

Alén das acusacións “erdoğanianas” contra a confraría islamita Fetullah Gülen como presunto autor deste golpe, o fracaso do mesmo implica igualmente ao denominado “Estado Profundo” (*Devlet en Derin* en turco), unha invisible rede de alianzas aparentemente monolítica presente en diversas esferas públicas, hoxe desacreditado.

Por outra banda, o contexto *post*-golpe descifra importantes variacións xeopolíticas para un país, Turquía, considerado como un inevitable e imprescindible aliado estratéxico do eixe atlantista, tendo en conta que é o segundo maior exército dentro da OTAN.

A inmediata visita de Erdoğan ao seu homólogo ruso **Vladimir Putin** (7 de agosto) amosa unha reorientación xeopolítica turca proclive a inserirse dentro dun emerxente eixe euroasiático (Rusia, China, Irán, Asia Central), un aspecto que desafia os imperativos do eixe “atlantista”, cuxas inquietudes

acrecéntanse ante as incertas expectativas trazadas polo entendemento de Trump co Kremlin .

Sen manifestar polo de agora unha ruptura radical, pode abrirse unha etapa de distanciamento preventivo entre Turquía e Occidente, mediatizada polos avances da reconciliación ruso-turca. O asasinato do embaixador ruso en Ankara, **Andrei Karlov** (19 de decembro) reforzará aínda máis esa cooperación. ¿Erdoğan logrará compatibilizar esta estratexia con Trump na Casa Branca?

Co *Brexit* no tapete, o interminable conflito sirio e o seu efecto directo na crise de refuxiados en Europa, a viraxe xeopolítica de Erdoğan provoca inquietudes en Washington e Bruxelas, particularmente nos seus intereses de seguridade nos flancos mediterráneo e euroasiático.

Este contexto serviu ao cumio da OTAN en Varsovia (8-9 de xullo) para afrontar un novo *statu quo* dentro da Alianza Atlántica, resucitando o “cordón sanitario” contra Rusia dende o Mar Báltico ata o Mar Negro. Non obstante, a viraxe pro-rusa nos recentes comicios presidenciais en Moldova (outubro) e Bulgaria (novembro), así como a vitoria de Trump, complican estes intereses “atlantistas”.

O *post-golpe* turco acelerou o achegamento de Erdoğan cara a Unión Euroasiática, a Organización de Cooperación Económica do Mar Negro (BSEC) e a Organización de Cooperación de Xangai (OCX), todos eles mecanismos alternativos ao “atlantismo”. Este contexto manifesta un punto de inflexión entre dous eixes antagónicos (o atlantista e o euroasiático) nos que Turquía vese irremediabilmente atrapado.

2.

Perspectivas 2017

2.1 O futuro da alianza sino-rusa

A pesar da fluidez na súa relación, a asociación estratéxica establecida entre Beijing e Moscova encara inevitables desafíos para a súa consolidación. Cómpre aquí sinalar a compatibilidade dos seus respectivos procesos de integración, particularmente a Unión Económica Euroasiática (UEE) e as estratexias chinesas da Franxa e da Ruta da Seda, ademais de, noutro plano, a Organización de Cooperación de Xangai (OCX). A isto debe engadirse a sensación de neutralización do eixe BRICS, os aspectos xeopolíticos (Siria, Irán, península coreana) e principalmente as expectativas en torno á presidencia de Donald Trump.

Durante 2016, o presidente Vladimir Putin e o seu homólogo chinés Xi Jinping coincidiron en catro cumios distintos: en xuño en Beijing con motivo do 15º aniversario do Tratado de Boa Veciñanza, Amizade e Cooperación China-Rusia (2001); no encontro do G-20 de setembro en Hangzhou (China); dos BRICS en outubro en Goa (India); e finalmente da APEC en novembro en Lima (Perú). A frecuencia destas xuntanzas desvela o fluído nivel de entendemento e de concreción de intereses mutuos.

A aparición de Trump, a pretensión sino-rusa por reconfigurar o sistema internacional “*post-atlantista*”, as vicisitudes dos respecti-

vos procesos de integración dentro do espazo euroasiático (UEE, Rutas da Seda, OCX) e incluso o factor demográfico, achegan outras variables que poden polarizar esta relación estratéxica.

A pública sintonía de Trump con Putin anuncia un preventivo nivel de diminución das recentes tensións existentes entre Washington e Moscova. Un aspecto que, ironicamente, contrasta coa frontal fricción dialéctica e incluso diplomática (Taiwán) que Trump ven manifestando contra Beijing. En perspectiva xeopolítica, intúese a posibilidade de que Washington baixo Trump estea afinando unha táctica disuasiva tendente a socavar a consistencia da *entente* sino-rusa, contextualizando unha dobre política: de atracción cara Rusia e de fricción con China.

O gabinete deseñado por Trump ilustra varias das claves alusivas a esta dobre estratexia. O próximo Secretario de Estado, Rex Tillerson, ex xefe da multinacional Exxon-Mobil, ten excelentes vínculos con Rusia, o que podería desactivar o nivel de irritación establecido polos seus antecesores **Hillary Clinton** e **John Kerry**. Outro nomeamento condescendente co Kremlin foi o de **Mike Flynn**, ex xeneral e ex axente da CIA, como novo asesor de seguridade nacional. Amparado na “guerra contra o terrorismo islamita”, Flynn defende que Washington debe cooperar integramente con socios como Rusia.

Pola contra, o novo Consello Nacional de Comercio de Trump estará dirixido por **Peter Navarro**, firme defensor de políticas proteccionistas e forte crítico con China, sendo incluso sinalado dende Beijing como “próximo a Taiwán”. Non obstante, Trump deu un xiro mais moderado ao nomear como novo embaixador en Beijing a **Terry Brans-**

tad, ex gobernador do estado de Iowa, decisión favorablemente recibida en China.

Alén das expectativas cifradas nesta presumible estratexia a dúas bandas de Trump, o futuro da alianza sino-rusa asume outros escenarios de definición, mais directamente relacionados cos seus respectivos procesos de integración, principalmente dentro do espazo euroasiático.

Impulsada por Rusia, a UEE non posúe a mesma transcendencia económica e política que a Ruta da Seda se ben existen posibilidades de complementariedade. A preponderante OCX, foro de seguridade principalmente liderado por China no que tamén forma parte Rusia, amplía o seu radio cara India, Afganistán, Irán, Mongolia, Paquistán e Bielorrusia como membros observadores. No cumio de Tashkent (Uzbekistán) de xuño de 2016, Putin e Xi adiantaron estratexias de sincronización que sirvan de pautas de actuación para configurar unha nova orde mundial.

O empuxe económico chinés contrasta igualmente coa escasamente diversificada economía rusa, sumamente dependente dos activos enerxéticos, así como da súa minguante taxa demográfica. En 2015, os investimentos chineses en Rusia alcanzaron os US\$ 33.000 millóns. Moscova ven alugando nos últimos anos case un millón de hectáreas a empresas chinesas para actividades agrícolas e gandeiras, principalmente nas rexións siberianas.

2.2 Xi Jinping ante o XIX Congreso do PCCh

China celebrará no outono de 2017 o XIX Congreso do Partido Comunista. No evento, Xi Jinping aspira a consolidar o seu poder. Recoñecido como “núcleo” do liderado do Partido na sesión plenaria do Comité Central celebrada en outubro de 2016, Xi debe encarrar unha renovación profunda da dirección comunista. En principio, só dous dos actuais membros do Comité Permanente do Buró Político (CPBP), poden aspirar a renovar mandato por razóns de idade. Ademais do propio Xi, sería o caso do primeiro ministro **Li Ke-qiang**, afín ao ex secretario xeral **Hu Jintao** (2002-2012) e referente do clan da Liga da Xuventude. Non obstante, persiste a dúbida sobre a continuidade de **Wang Qishan**, o responsable da loita anticorrupción afín a Xi, quen terá entón 69 anos. Por outra banda, especúlase sobre unha hipotética redución do número de integrantes do CPBP que podería pasar de 7 a 5 membros, o cal podería radiografar mellor as vantaxes de cada un dos principais grupos de poder. Coa facción de Xangai, afín ao ex presidente **Jiang Zemin** (1989-2002), moi minguada pola loita contra a corrupción, a principal disxuntiva afecta ao nivel de influencia que poderán manter os adeptos a Hu.

Tralo maoísmo, este Comité Permanente ven sendo a expresión do consenso e do liderado colectivo ideado por **Deng Xiaoping** para evitar a pugna entre as “dúas liñas” e garantir a estabilidade do Partido e do Estado. Desde 1927, cando se formou por primeira vez, o seu tamaño ten oscilado entre os 3 e os 11 integrantes. Tampouco funcionou sempre como o órgano supremo. Entre 1934 e 1956

foi substituído pola Secretaría Xeral. Recuperado despois, durante a Revolución Cultural tamén foi suprimido. En sentido rigoroso, só pasou a exercer o poder en relativa exclusividade en 1992, cando Deng dissolveu a Comisión Asesora Central que reunía aos veteranos mais influentes e que tiñan a derradeira palabra nas cuestións clave. Hoxe aínda detentan certo nivel de poder pero nada comparable con esa época.

Á primeira vista, tendo en conta a traxectoria deste seu primeiro mandato, Xi podería optar pola redución do número de membros, pasando a cinco, cunha nova volta de rosca ao que foi un dos seus sinais na gobernanza: a concentración do poder. Pero isto non será doado e para logralo deberá vencer importantes resistencias e quizais dinamitar procedementos non regulamentados que ata agora foron observados escrupulosamente. Isto podería xerar importantes incomodos.

Xi aspira a conformar unha maioría favorable. Entre os elixidos debera estar o seu sucesor, como tamén o de Li Keqiang, dado que, en principio, só poden desempeñar dous mandatos. O sucesor de Xi estaría xa designado por Hu Jintao e salvo forza maior sería **Hu Chunhua**, e o de Li, **Sun Zhengcai**. No último lustro, Xi foi construíndo a súa propia base de poder con antigos subalternos das provincias de Zhejiang e Fujian. Esa remoción notarase de primeiras no Buró Político, renovado en mais da metade. Mais aló das persoas, o que está en xogo é a supervivencia deste entramado tan opaco e sen regras claras que afasta da construción dun Estado de dereito tal e como preceptúa o propio Xi. Por outra banda, saltarse esas normas suporía outra quebra das reformas institucionais impulsadas por Deng Xiaoping nos oitenta.

2.3 Recta final da guerra en Siria?

Como un punto de inflexión no conflito sirio pode explicarse a anunciada toma de Aleppo por parte das forzas leais ao réxime de **Bashar al Asad** (23 de decembro), escenario que progresivamente permite abrir un compás de definición para os actores involucrados no mesmo e os seus complexos intereses.

A toma de Aleppo coincide co asasinato do embaixador ruso en Turquía (19 de decembro), aspecto que confirma os perigos que para Moscova significa a súa intervención militar en Siria (desde setembro de 2015) e o efecto colateral que a mesma implica para os seus principais aliados, en particular Turquía.

Con todo, a medio prazo intensifícase a perspectiva dunha fragmentación *de feito* do Estado sirio en áreas de influencia controlados polos respectivos actores involucrados, aspecto que pode confirmarse durante 2017.

A certificación dun eixe exterior de apoio ao réxime de Bashar al Asad conformado por Rusia, Turquía e Irán, ampliado a outras forzas (Hizbulá libanés) e o tácito apoio de Beijing, contrasta cunha plataforma opositora (apoiada por Occidente e as “petromonarquías”) fragmentada, volátil e cada vez mais controlada por elementos radicalizados. Esta radiografía recrea a perspectiva de “afganización” do conflito sirio.

Igualmente, obsérvase a neutralización e confinamento do Estado Islámico dentro dun enclave sirio-iraquí con epicentro en Raqqa, cercado tralo seu desaloxo durante 2016 da estratéxica localidade iraquí de Mosul. Este confinamento expresa a necesidade de illar ao EI (Estado Islámico) a través de ofensivas

a varias bandas contra as súas redes en Libia e a eventual contención de elementos *xihadistas* cara as repúblicas rusas do Cáucaso Norte e incluso de Asia Central.

Similar perspectiva obsérvase con respecto ás forzas kurdas no corredor do noroeste en torno a Rojava e o Kurdistan iraquí. A represión do presidente turco Erdoğan contra os kurdos en Turquía e a activación dun plan militar (“Escudo do Éufrates”) de eventual intervención militar en Siria, supoñen elementos disuasivos por parte de Ankara cara as pretensións soberanistas dos kurdos sirios.

Con Trump na Casa Branca e a súa previsible política de distanciamento cara o conflito sirio, podería verse cada vez mais determinado polos intereses establecidos polo eixe Rusia, Turquía e Irán, convencidos da necesidade de non remover do poder a Bashar al Asad. Todo isto a pesar dalgunhas reticencias turcas, tendo en conta o seu apoio a diversas faccións opositoras sirias.

A xuntanza en Moscova (20 de decembro) dos ministros de Exteriores e de Defensa de Rusia, Turquía e Irán certifica esa pretensión por marcar as pautas de futuro do *post*-conflito sirio sen a participación de Washington, neutralizando ao mesmo tempo a implicación doutros actores (Arabia Saudita, Qatar, Israel) frustrados pola supervivencia do réxime de al Asad e contrariados polas ganancias xeopolíticas obtidas por Irán, o seu principal rival rexional.

Neste sentido, o control de Aleppo abre un compás estratéxico orientado a debuxar o *post*-conflito sirio. Moscova, Ankara e Teherán trazan liñas de actuación tendentes a fragmentar a oposición siria (particularmente a favor de elementos moderados) suscepti-

bles de negociar un cese de hostilidades con al Asad. Esta fragmentación busca illar aos elementos radicais e os *xihadistas* (EI, Fronte al Nusra) cada vez mais cercados pero aínda con notable capacidade de actuación.

A implicación militar en Siria suxire riscos para a seguridade nacional de Rusia e Turquía, particularmente por parte do terrorismo *xihadista*. Este contexto xa tivo a súa incidencia na espiral terrorista que durante 2016 sacudiu a Turquía a través de importantes atentados (Istambul, Cizre), ampliada cara obxectivos rusos (asasinato do embaixador Karlov en Ankara), que poden intensificarse durante 2017.

2.4 Ecuador *post*-Correa

A década presidencial de Rafael Correa en Ecuador verá o seu epílogo o próximo 19 de febreiro de 2017, cos comicios presidenciais e lexislativos nos que a súa agrupación política e electoral, Alianza País (AP) concorrerá baixo a candidatura do ex vicepresidente “correísta” **Lenín Moreno**. Paralelamente, Ecuador tamén realizará un importante referendo contra os capitais asentados en “paraísos fiscais”.

A Moreno corresponde unha difícil heranza: liderar unha opción política moi vinculada ao carismático e popular presidente ecuatoriano tras unha década de “Revolución Cidadá”, en aras de preservar un legado inevitavelmente “*post*-correísta”.

Durante a súa presidencia, Correa alcanzou importantes logros que solidifican a súa popularidade agardando que poidan prolongarse a través do seu “delfín” electoral. Con Correa, Ecuador experimentou a súa maior

estabilidade social e política tras convulsos períodos anteriores. Fortaleceu a reestruturación estatal a través dun proceso constituínte mentres rexistrou un notable *boom* económico manifestado pola bonanza petrolleira. Igualmente, configurou unha política exterior pragmática e multipolar.

Transmitida esta herdanza, tócalle agora ao candidato da AP consolidar este legado, aínda que existen matices. Se ben mantén o liderado nas enquisas, ven perdendo progresivamente puntos na intención do voto, mentres os indecisos (40-60%) anúncianse como decisivos. Á candidatura de Moreno tamén lle afectan algúns escándalos de corrupción no seu entorno (o seu compañeiro de fórmula **Jorge Glas**) e indirectos (Odebrecht; Petroecuador), toda vez a caída dos prezos petrolleiros modera o crecemento económico dos últimos anos.

Moreno e a AP conservan o favoritismo electoral ante a división opositora, cuxos principais expoñentes son **Guillermo Lasso** (da dereita liberal Creo-Suma); **Paco Moncayo** (centroesquerda Acordo Nacional polo Cambio); e **Cynthia Viteri** (Partido Social Cristiá). As enquisas prognostican un *ballotage* de segunda volta, a celebrarse en abril.

O contexto electoral ecuatoriano debe igualmente contextualizarse na recente viraxe conservadora (Arxentina, Brasil, Perú) que fragmenta a continuidade das esquerdas no poder. Se ben resulta moi probable que Ecuador continúe na senda do “correísmo” nesta etapa, o contexto rexional (reacción conservadora, crise política en Venezuela) implicará para Quito profundar no seu pragmatismo.

Con Ecuador no epicentro de atención, o péndulo electoral latinoamericano prosegui-

rará a súa andaina durante 2017 coas presidenciais en Honduras e as lexislativas na Arxentina (outubro) e finalmente as presidenciais e lexislativas en Chile (novembro).

A denominada “década ganada” en Ecuador afronta agora as incertezas propias dun proceso de transición “*post-Correa*” na que está en xogo a consolidación da Revolución Cidadá. Se ben Moreno aposta por un “*continuismo con rectificacións*”, son outros os retos que igualmente afronta Ecuador, particularmente de cariz político e institucional. Aquí visualízase a persistencia de liderados carismáticos que polarizan a partidos e organizacións políticas atomizados na súa representatividade política.

2.5 África: NEPAD e *boom* económico

O 2017 anúnciase relevante para analizar a Nova Estratexia para o Desenvolvemento de África (*New Partnership for African Development*, NEPAD), adoptada en 2001. Estes obxectivos céntranse na erradicación da pobreza, a inserción do continente no proceso de globalización, o fomento da democracia, da cooperación, da integración rexional e da paz e seguridade.

Dende entón, os avances amosan claros. África viviu unha década de notable *boom* económico grazas á revalorización das materias primas, principalmente do petróleo (Angola e Nixeria), subitamente truncado coa caída dos prezos a partir de 2014. Países como Sudáfrica son parte activa de foros globais (BRICS, IBSA), e a democracia vaise consolidando a nivel rexional, con casos excepcionais de autoritarismos (Cimbabue,

Guinea Ecuatorial) e déficits en monarquías (Marrocos).

Atendendo aos problemas do cambio climático (a seca na África subsahariana), o continente está apostando pola biodiversidade e as enerxías renovables. Non obstante, persisten os conflitos armados (Sudán do Sur, Libia, R.D. Congo, Chad) e outros sen resolver (Sáhara Occidental). Algúns deles ven-se atomizados pola aparición de actores non estatais (Boko Haram, al-Shabab) que incluso ameazan a integridade estatal (Camerún, Uganda, Malí, Sudán, Somalia).

Segundo o Banco Mundial (abril 2016), a incidencia da pobreza extrema en África caeu do 57% en 1990 ao 43% en 2012, pero continúa sendo elevada, factor que contrae as políticas de desenvolvemento. A inmigración e os refuxiados seguen elevando o seu ritmo, particularmente visibles coa crise económica. Novos socios (China, India, Xapón) ocupan espazos preponderantes nas economías africanas. Igualmente cabe prestar atención a como África avanza nos seus procesos de integración (Unión Africana, CEDEAO, BAfD, PALOP), atendendo os seus desafíos a través de iniciativas propias.

A urbanización está crescendo aceleradamente, o cal formula importantes retos. Segundo o Banco Africano de Desenvolvemento (BAfD, decembro 2016), o continente vive un *boom* demográfico sen precedentes: a poboación urbana alcanzou os 472 millóns de persoas entre 1995 e 2015. Non obstante, esta urbanización acelerada está creando problemas de planificación do desenvolvemento, en

particular en materia de infraestruturas: 2/3 dos investimentos en infraestrutura urbana que se deben realizar para 2050 aínda non foron realizados. A aglomeración demográfica urbana, a escaseza de servizos, os problemas do cambio climático e a fenda co mundo rural, entre outros, poden complicar este proceso.

Os retos para a NEPAD aumentan dado que o *boom* demográfico segue imparable en tempos de recesión económica. Na África subsahariana, nove de cada dez mozos traballadores son pobres ou case pobres. En 2015, aproximadamente 879 millóns de africanos vivían en países de baixo desenvolvemento humano, mentres que 295 millóns facíanlo en países en desenvolvemento medio-alto.

África segue dependendo do financiamento exterior. En 2015, os fluxos financeiros calculáronse en US\$ 2.800 millóns, 1,8% menos que en 2014. Non obstante, a axuda oficial ao desenvolvemento creceu un 4%, alcanzando os US\$ 56.000 millóns. As remesas seguen manténdose como unha fonte estable de financiamento exterior, con US\$ 6.400 millóns en 2015.

En 2017, nun contexto xeopolítico internacional incerto e convulso onde o nacionalismo proteccionista e as políticas anti-inmigración gañan terreo no mundo desenvolvido, África celebrará importantes eleccións presidenciais (Kenya, Liberia) e lexislativas (Alxeria, Angola, Senegal). Con matices, a NEPAD amosa logros e desafíos en tempos de recesión do *boom* económico.

3.

Reflexións por áreas xeográficas:

3.1 Marrocos á conquista do continente africano

David Alvarado

Será o 2017 o ano do retorno do Reino de Marrocos ao seo da Unión Africana (UA)? Este é alomenos o anxeio de **Mohamed VI**, quen manifestou querer corrixir un “erro histórico”, en alusión á retirada do su país da Organización da Unión Africana, o antecesor da UA, o 12 de novembro de 1984, para protestar pola adhesión á institución panafricana, dous anos antes, da República Árabe Saharauí Democrática (RASD). A vontade de Rabat de reintegrar a UA inscríbese no marco dunha nova estratexia diplomática que algúns analistas, dentro e fóra do país magrebí, teñen cualificado de “non aliñamento”, caracterizada por unha apertura exterior cara novas latitudes, máis aló dos seus tradicionais aliados occidentais, nomeadamente Estados Unidos e a Unión Europea, con quen se sucederon os desencontros e crises diplomáticas ao longo dos últimos doce meses. Deste xeito, imbuído desta nova orientación diplomática, ao longo de 2016 Marrocos non fixo sesión consolidar a súa alianza cos membros do Consello de Cooperación do Golfo, ao tempo que multiplicou as achegas a Rusia e China abrindo camiño, de paso, a novas e, nalgúns

casos, prometedoras vías de cooperación económica.

O 28º cumio da UA previsto para finais de xaneiro de 2017 en Adís Abeba debería pasar á historia como o conclave que sancionou a regreso de Marrocos ao seo da organización panafricana. A demanda de adhesión foi formalmente presentada á presidenta da comisión da UA en New York polo ex ministro de Asuntos Exteriores marroquí e conselleiro de Mohamed VI, **Taieb Fassi-Fihri**, o pasado mes de setembro. Había xa algúns meses que Marrocos viña despregando unha pléiade de esforzos e iniciativas sobre o terreo. Diferentes enviados de Mohamed VI acudiron á case totalidade dos países membros da UA. O propio xefe de Estado, acompañado dun importante continxente de conselleiros, dirixentes políticos e importantes operadores económicos marroquís, non cesou de moverse ao longo e ancho da xeografía africana durante semanas para apoiar persoalmente a causa do seu país. O soberano multiplicou así encontros ao máis alto nivel amais dos xestos, acordando millóns de euros en axudas, consentindo a metade dos investimentos directos estranxeiros do país no continente, até o punto que o país xa é o segundo inversor africano na rexión, só superado por África do Sur, e mesmo promovendo unha vasta operación de regularización de inmigrantes subsaharianos dentro das súas fronteiras.

A organización en novembro da COP22 en Marrakech, onde acudiron ducias de xefes de Estado e altos mandatarios do planeta, foi a oportunidade de deixar en evidencia o referente marroquí no continente. Até unha vintena de presidentes africanos estiveron presentes na vila ocre. Á marxe da COP22, o evento tiña como obxectivo favorecer a coor-

dinación entre os países da rexión sobre cuestións climáticas, obrando para que “*África harmonice as súas posicións e fale cunha soa voz sobre o suxeito*”, declarou entón aos medios **Nasser Bourita**, ministro delegado de Asuntos Exteriores do Reino de Marrocos. Un encontro que supuxo un novo fito na ofensiva política africana de Rabat. Desde outubro, o soberano alauí acudiu a Ruanda, Tanzania, Etiopía, Madagascar, Nixeria e Zambia, desenvolvendo alianzas con países tradicionalmente proclives ás teses da Fronte Polisario, impeléndoo a relaxar a súa posicións sobre a “integridade territorial” de Marrocos.

Porque, como non podía ser doutro xeito, a volta de Marrocos á UA, que ningún Estado africano pon en tela de xuízo, está estreitamente vencellada co dossier do Sáhara Occidental, que se mantén como a pedra angular da política exterior marroquí. Desde a súa inopinada saída para protestar contra a admisión da RASD, Rabat sempre puxo como condición para o seu retorno a saída da “seudo república saharauí”, como a cualifican as autoridades e medios en Marrocos. Nembargantes, a estratexia marroquí evolucionou durante os últimos anos e a política da cadeira valeira xa non semella unha opción viable. Diante da amplitude das resistencias a adoptar unha solución de máximos, como a esixida polo país magrebí, o Reino rematou por abrazar unha solución moito máis pragmática: o que se pretende agora é recuperar o asento oficial no seo da UA para, posteriormente, desde dentro, premer aos diferentes estados membros con vistas a conxelar ou suspender a membresía do seu adversario saharauí, xa que a expulsión non está contemplada nos estatutos da organización panafricana. Para promover esta saída Marrocos deberá contar

co voto favorable de dous terzos dos membros da UA, é dicir, con 36 apoios.

Durante o 27º cumio da UA en Kigali, o rei Mohamed VI dirixiu unha mensaxe aos estados membros evocando a retorno de Marrocos á UA a condición de que a RASD sexa suspendida. Á do cumio, o 18 de xullo de 2016, unha moción foi asinada por 28 países africanos que “*saúdan a decisión do Reino de Marrocos de integrar a UA, entendendo obrar para que este regreso lexítimo se faga efectivo á maior brevidade e decidindo actuar para a próxima suspensión da RASD das actividades*” da organización. O voceiro destes “28” non era senón o presidente gabonés, **Ali Bongo Ondimba**, íntimo amigo de Mohamed VI, quen ratificou o documento que foi dirixido á presidenta da comisión da UA, a sudafricana **Nkosazana Dlamini-Zuma**, unha das principais figuras refractarias ao regreso de Rabat e á expulsión da RASD, cuxo mandato expirou oficialmente durante o 27º cumio da UA. Trala ofensiva diplomática posterior, no momento de redactar estas liñas, segundo afirman diferentes fontes marroquís, alomenos 38 países africanos terían manifestado o seu apoio ao regreso de Marrocos á UA a través de declaracións oficiais e mesmo con mensaxes dirixidas ás instancias dirixentes da institución panafricana.

A batalla non está aínda gañada. Rabat debe facer fronte ao *niet* categórico de dous pesos pesados da UA, como son África do Sur e, sobre todo, Alxeria, aliados obxectivos da RASD. Doutra banda, países menos implicados no dossier saharauí temen que a exclusión da RASD convulsione a organización africana, que xa se atopa claramente dividida sobre un bo número de cuestións, nomeadamente a cuestión da Corte Penal Interna-

cional. Un novo cisma podería ser letal para a UA, que deberá atopar unha saída xusta e aceptable para todas as partes en aras da súa propia estabilidade e supervivencia.

No concernente á RASD, os seus dirixentes estiman que o regreso de Marrocos non se fará no propio detrimento. Hai analistas que estiman que a morte do líder histórico da Fronte Polisario, **Mohamed Abdelaziz**, o 31 de maio de 2016, debilitou á organización independentista, pero fontes saharauís aseguran que o novo máximo responsable da RASD, **Brahim Ghali**, é alguén “moi capaz” de defender a causa do Sáhara Occidental. Presente no cumio de Kigali, o novo líder saharauí, ex ministro de Defensa, quen conduciu durante lustros a guerra contra marroquís e mauritanos, diante do cumio decisivo da UA semella querer premer ao seu xeito, mantendo o clima de tensión na zona a través do establecemento de unidades armadas saharauís en Guerguerat, na zona tampón da fronteira sur entre o territorio administrado por Marrocos e Mauritania, ousando mesmo difundir as súas fotografías circulando libremente cos seus homes polas praias atlánticas e enarborando a ameaza do retorno ás armas.

3.2 UE: Balance dos 60 anos pasados e votos para os 60 vindeiros

Antonio-Carlos Pereira Menaut

Hai tempo, unhas tiras cómicas tituladas “En la fracción de un segundo, cambia la opinión del mundo”, amosaban mediante exemplos cómo as cousas podían mudar inesperadamente. E neste aniversario europeo semella estar a suceder algo así: de súpeto,

prolifera as posturas anti-europeas, euroescépticas ou, polo menos, pesimistas. Se procederan dos *Brexiters* ou de outros grupos de opinión comparables, sorprenderíanos tan pouco que este artigo nin se xustificaría. Pero moitos dos que expresan agora tales posturas son xente razoable e europeísta: **J. Weiler** (“Qué te ha pasado Europa”), **H. Vèdrine** (“*Time for a European Pause*”), “a UE está demolida” (**H. Caillol**), réquiem por un soño europeo (**A. Baneth** no *EUObserver*), e outros máis.

Todo iso é certo, pero nin sucedeu nunha fracción de segundo nin era imprevisible. Esa impresión, dominante na España, é infundada. O Brexit foi calquera cousa menos imprevisible, pois a UE divide aos Tories polo menos dende os 90. Alemaña, en 1998, non estivera moi lonxe de non entrar no euro. E respecto dos países do antigo Leste, sabido é que non gustan abandonar a súa soberanía. Así que os sorprendidos por esta marea (basicamente, España), ou ignoraron a subida das ondas, ou lles nubrou a vista un exceso de celo oficialista (“el único remedio es más y mejor Europa”).

Ditaminar sobre o presente sempre é arriesgado. Do pasado, existen explicacións plausibles que xiran arredor dunhas poucas principais: a integración europea foi (e aínda é?) un éxito sen precedentes; pero a súa estrutura institucional e método de funcionamento, tan adecuados nos principios, funcionaron mal a partir dun punto (poñamos, Maastricht, 1992). Asemade, a integración vai demasiado apresa, sobre todo co masivo ingreso dos veciños do Leste tras a caída do Muro. E compre non esquecer a pésima (e mesmo inhumana) xestión da crise por tecnócratas, banqueiros globais e xente afín; a

rápida centralización, e máis a renacida división de Europa entre norte protestante e eficiente, e sur católico e lacazán.

Por partes. Inicialmente, o método funcionalista ou “método Monnet” foi, posiblemente, o único viable, pero co tempo, ao nos converter en comunidade política, debería ter deixado paso a unha gobernanción política. Ese método, eficiente e concreto, produce excesiva regulación, centralización, tecnocracia, e, polo mesmo, máis déficit democrático. Se poucas cousas son boas levadas ao extremo, o método Monnet tampouco é. O *micromanagement* ata detalles ridículos coexiste coa incapacidade diante dos grandes problemas políticos (as vagas de inmigrantes, o futuro da Unión), pois a tecnocracia incapacita para a gran política, xusto a necesaria hoxe na UE. Por iso non se lles ocorre outra cousa que “máis do mesmo”.

Outro aspecto problemático, vello coñecido, é o déficit democrático. Xa só polo seu tamaño, a UE non pode ser democrática. Pero podería e debería ser liberal (con liberalismo político). A UE era —aínda é— relativamente liberal, pois a concentración do poder, aínda que agora estea a medrar, non era demasiada (moita menos que na España), namentres que outro risco liberal, a *accountability* dos líderes era pouca. A orixe elitista e non democrática da integración europea realmente non é tan grave (que integracións así foran de orixe literalmente popular?) Polo tanto, o realmente relevante nisto é o empeoramento (que haino). Unha cousa é que non haxa moita democracia, e outra é asumir posicións antidemocráticas e antipopulares. Así foi cando o Tratado de Lisboa furtouse deliberadamente a toda discusión popular, cando se aprobaron o Pacto Fiscal e o MEDE

case en secreto, ou cando se fan reformas constitucionais como a española, en agosto e sen referendo. Incórrese tamén niso cando as políticas impopulares que se adoptan non son temporais —iso é o pan noso de cada día— senón mesmo anti-populares e de longa duración, e causarán danos serios a moitos millóns de persoas. Democrática, no sentido literal, a Unión nunca o fora, pero tampouco fora nunca, ata agora, tan indisimuladamente contraria ao pobo, á xente común.

Como se sabe, máis dun investigador considera que estamos diante dunha auténtica mutación constitucional na UE, que deixaría de ser de tipo cooperativa para achegarse ao modelo xerárquico-vertical. A conxugación de todos estes factores coa crise e coa gobernanción por imposición de obxectivos (déficit, débeda), ten o efecto non buscado pero perverso de diminuír a democracia tamén dentro dos estados membros, pois os nosos electos convértense “de facto” en algo así como delegados de Bruxelas: nós os eliximos, pero as eleccións son unha mera condición de validez; unha vez elixidos, implementarán o que lles ordenen, mesmo se vai contra nós, os seus electores.

Terceiro: segue a ser a UE realmente pluralista e multinivel? Ata agora, é, pero con tendencias ao monismo e a funcionar como un só nivel nas materias como débeda, déficit e moeda. Certo que ninguén nega os niveis sub-europeos (estatal, sub-estatais), pero se Bruxelas, ou a Troika, deciden unha política e impoñena ata o final, tendencialmente reducirían os niveis gobernamentais intermedios a poleas nunha cadea de transmisión, con non moito autogoberno. Se os niveis medios e baixos limitáanse a aplicar o decidido arriba, pouco autogoberno multinivel haberá real-

mente. Neste punto hai que matizar: a actitude dos niveis medios e baixos tamén conta, e moito. O exemplo da pequena Wallonia, oponéndose en outubro pasado ao tratado CETA está aínda fresco.

Cuarto: o problema da UE e a globalización, que nos seus efectos é dos máis visibles. A Unión deixouse sobrepasar, e mesmo sumouse, ao proceso globalizador, como se europeización e globalización foran etapas do mesmo, e a pesares de seren a longo prazo negativa para a integración europea (que tendencialmente volveríase innecesaria) e a curto prazo destrutiva, tanto no eido do comercio local, como nas grandes industrias, que pasan a producir na China. Colaborar a un proceso que diminúa o peso político e económico da propia Unión no mundo, é, como pouco, anti-“sentidiño” común. Ao principio presentábanos a cuestión como tan boa como indiscutible, mesmo como un reproche por non espabilar suficiente e non aceptar de corazón os novos dogmas, as novas regras do xogo da libre competencia global, xogo no que nunca houbo *fair play* e no que de antemán sabíase que moitos comercios e industrias galegos, españois e europeos nunca poderían realmente competir.

Quinto: un problema no que hai bastante acordo é a inmoderada apertura ao Leste trala caída do Muro e que, asemade, fíxose imprudentemente coincidir coa conversión da UE en comunidade política, co seu correspondente proceso constitucionalizador.

Rematamos. É isto demasiado pesimista? O lector soberano xulgará. Negar os problemas actuais da UE é tan absurdo como negar todas as cousas boas que fixo (e aínda fai) en tantos terreos. Estes problemas da UE, pódense amañar? Será posible ou-

tra UE? Dende logo, igual que outra España, pero nos dous casos, a decisión pasa por aquelas persoas, partidos, poderes económicos e institucións nos que está o problema.

Diciamos ao principio que ditaminar o *hic et nunc*, a herba que está xusto a escorregarse baixo dos nosos pes, é moi arriscado. Pero correremos o risco: asumido que o estado nación xa é do pasado, para os próximos 60 anos da Unión pedimos máis europeización que globalización, máis subsidiariedade que eficacia, menos federalismo alemán e máis federalismo americano, pois este, aínda sendo incapaz de uniformar os seus estados, é capaz de afrontar (ao seu xeito, claro está) os grandes problemas mundiais.

O tempo, tribunal inapelable, ten a última palabra.

3.3 Ruta(s) da seda: intercambio de innovacións e perigos por terra e mar

Marola Padín Novas

As rutas da seda, así denominadas por primeira vez en 1877 polo xeógrafo alemán **Ferdinand Freiherr von Richthofen** despois das súas visitas a China (1868), son a rede de vías terrestres e marítimas de intercambio comercial e cultural máis importantes no continente euroasiático tendo a súa orixe temporal no século I AC. A pesares do seu amplo estudo ao longo do tempo (con altibaixos) e da súa posterior expansión ao continente americano, é precisamente neste último onde tamén se atopan as denominadas rutas do xade, non tan coñecidas, a(s) ruta (s) da seda cobran especial relevancia no presente século.

Antigamente, da seda para os chineses, do algodón para os indios, os escritos en sanskrit e chinés dan conta de que nun primeiro momento estas rutas comerciais permitiron ao longo dos seus percorridos o troco de materiais para a fabricación, principalmente, do téxtil; nembargantes a complexidade en cantidade e profundización dos vínculos conformou un tecido de relacións que fomentaba o intercambio de intérpretes e tradutores, a difusión de textos relixiosos (do budismo, maniqueísmo etc.) así como a transmisión do *know-how* industrial (a fabricación da seda, cerámica etc.) e de diversas correntes culturais.

Esta ruta partía de Chang'an, a antiga capital de China, atravesaba Asia Central, Afganistán, Irán, Iraq e Siria e chegaba ata Roma. A súa importancia viuse recoñecida pola UNESCO cando en xuño do 2014 elixiu un trazado de 5.000 km da Ruta da seda coa denominación *Rutas da seda: rede viaria da ruta do corredor Chang'an-Tian-shan* como patrimonio da humanidade.

Cabe sinalar que na conciencia histórica de China a revitalización destas rutas permite a aproximación do eixo leste-oeste euroasiático que proporciona, por unha banda, o abastecemento das fontes necesarias para continuar a súa reforma económica (e así lexitimar a autoridade do Partido Comunista chinés pois un posible fracaso do proxecto implicaría un desaxuste no plano interno) e, por outra, o equilibrio das forzas estadounidenses cara o Pacífico Occidental.

A visualización práctica destas rutas nace en China e chega a Europa a través de 9 liñas de tren principais: Chongqing-Duisburg (Alemaña), Chengdu-Lodz (Polonia), Zhengzhou-Hamburgo (Alemaña), Suzhou-Varsovia (Polonia), Wuhan-República Che-

ca, Changsha-Duisburg (Alemaña), Harbin-Hamburgo (Alemaña), Xining-Amberes (Bélxica) e Yiwu-Madrid (España).

Como exemplo, en China destaca Ningxia que con fortes lazos culturais cos países árabes, é o fogar de máis do 10 por cento dos 20 millóns de musulmáns chineses. No 2014, o comercio entre China e os países árabes creceu un 5,2 por cento para situarse nos 251.200 millóns de dólares.

En novembro do 2014, China puxo en marcha por primeira vez a liña férrea máis longa do planeta (superior á suma do Transiberiano e o Orient Express) que conecta a cidade de Yiwu (a 251 km de Xangai e famosa pola súa condición de ser un dos epicentros do comercio internacional chinés), e Madrid. Ese primeiro tren, froito do acordo entre Xi Jinping e **Mariano Rajoy** no seu encontro en Beijing de setembro do devandito ano, confirma a España como punto de destino dunha das redes ferroviarias que unirán a China co punto máis occidental en Europa, acontecemento que foi celebrado como un fito nas relacións comerciais entre España e China e, tamén, no panorama ferroviario internacional. Esta liña de 13.052 quilómetros atravesa oito países. Desde Yiwu pola vía de Kazaxistán pasa por Rusia, Bielorrusia, Polonia, Alemaña, Francia e chega finalmente a Madrid. Un traxecto que tarda en recorrerse uns 21 días e ten unha ruta ao mes. Xeralmente, cada tren conta cunha lonxitude de máis de 550 metros e 41 vagóns que albergan 82 contedores. Esta "Ruta da Seda" por tren é máis segura, eficiente e rápida que o transporte marítimo (35-40 días), pero tamén máis cara (entre un 20% e un 30%) aínda que máis barata que o transporte aéreo. Aínda con vantaxes, o prezo desanima a algúns empresarios españois,

pero o descoñecemento e a desconfianza cara a esta nova forma de transporte é, xunto ao desequilibrio da balanza comercial con China, outra das razóns de que o tren regrese medio baleiro.

Na actualidade, $\frac{3}{4}$ partes das mercancías que se están vendendo en España proceden de Yiwu. Trátase dunha vía na que ademais de enviar produtos non perecedoiros estase empezando a enviar máis aceite de oliva e produtos derivados do porco de España a China. China é o primeiro país asiático para as exportacións españolas, ademais do terceiro provedor de España, un mercado clave polo tanto para o intercambio comercial e para a expansión de moitas empresas españolas. O tren podería resultar especialmente beneficioso para algúns produtos agroalimentarios que poidan aguantar refrixerados no tren.

Outro aspecto económico a ter en conta é a necesidade de inversión en infraestruturas e o intercambio de profesionais de nacionalidades chinesa e española en ambos países. Un reto para as empresas españolas e unha oportunidade de presentarse como exportadora de talento. Ademais, na ampliación de horizontes a súa posición xeográfica ofrécelle unha vantaxe comparativa de ponte cos continentes africano e americano.

O ingreso de España no programa da Ruta da Seda da Organización Mundial do Comercio (OMC) suporá o desenvolvemento dun novo produto turístico, ao manter a memoria etnográfica de localidades e cidades de España asociadas á sericultura e a súa comercialización.

Especial atención debe prestarse á prevención e control de plagas derivadas da existencia de insectos ou outros na manipulación das mercadorías que poidan por en perigo a

seguridade nos países polos que atravesese o transporte.

Asemade, a súa importancia non é só comercial. Na actualidade cobra relevancia a construción de vías de comunicación que permitan un claro desenvolvemento das relacións entre países, promovan o diálogo e a comprensión entre diferentes culturas e constrúan unha visión diferente fronte a construción de muros que limitan o avance da civilización. Para moitos países involucrados que non teñen saída ao mar (Mongolia, Taxikistán e Afganistán, entre outros) e para outros afastados dos principais núcleos financeiros esta ruta equivale a subirse ao tren da conectividade global.

3.4 Os desafíos das eleccións presidenciais de Irán 2017

Nazanin Armanian

O 19 de maio do 2017, e coma se dunha democracia se tratase, os iranianos “elixirán” ao próximo presidente da República Islámica (RI). Os candidatos necesariamente deben ser homes, xiítas, e fieis ao líder espiritual; ou o que é o mesmo: están imposibilitados para se presentar as mulleres, os non crentes, os fieis das minorías relixiosas, e os partidos da oposición, ilegalizados e perseguidos na súa totalidade.

Os rostros destacados de distintas faccións da República Islámica concorrerán para facerse co asento presidencial nesta peculiar teocracia que contén elementos de sistemas representativos e que, en realidade, é un califato. Pois, a institución de *Welayat e Faghih* (Tutela do xurista islámico), inexistente na tradición xiíta e formulado polo Aiatolá **Jo-**

meini, o fundador da tardía e única teocracia xiíta da historia, desde o cargo do Xefe Espiritual do Estado manda sobre as forzas armadas, ostenta a facultade de vetar todas as decisións dos órganos “electos” legislativo, executivo e o xudicial, e dirixe a política exterior do mesmo xeito que a interior.

Nesta república sen cidadáns, todo o espellismo da “democracia relixiosa” desapareceu do mapa coa exclusión do poder de **Mohammad Jatami** en 1997 e do ex primeiro ministro **Hosein Musavi**, que desde o xuño de 2009 segue en arresto domiciliario por protestar en contra da fraude electoral nas eleccións presidenciais de 2009. Desde entón, a batalla líbrase entre a burguesía compradora dos ultraconservadores militares, liderados por **Alí Jamenei** e os Gardiáns Islámicos, e a burguesía industrial do equipo formado polos “liberais” pro-occidentais **Hashemi Rafsenyani** e o actual presidente **Hasan Rohani**.

O falecemento de Rafsenyani -o home máis forte do país logo de Jamenei-, o pasado 8 de xaneiro do 2017, cambia radicalmente o equilibrio de forzas entre as dúas faccións de cara aos comicios, deixando a Rohani só, quen ademais se enfrenta con outras dúas adversidades:

1. O case nulo impacto do acordo nuclear coas potencias mundiais sobre a vida económica dos cidadáns. Rohani, quen depositara toda a súa aposta e credibilidade política na mellora do nivel de vida dos cidadáns co levantamento das sancións, non consegue coas receitas neoliberais paliar as consecuencias dunha longa e profunda crise económica. Os cidadáns séntense enganados polas falsas expectativas creadas. A burguesía compradora (chamada *Bazar*, o termo persa que signifi-

caba “o lugar de poñer prezo”), inimiga de investir na industria e que domina o poder desde 1979, foi a única beneficiaria da entrada de todo tipo de produtos en Irán, que de paso arruína á produción nacional, forzando o peche de centos de fábricas e talleres. Os Gardiáns Islámicos que controlan toda a economía iraniana, néganse compartir os negocios creados en torno aos recentes investimentos estranxeiros cos empresarios non vinculados a este estamento militar que actúa como unha “familia”.

2. Que Barack Obama, antes de abandonar a Casa Branca, renove as sancións do seu país contra Irán e desta vez polos “vínculos co terrorismo”. E que, ademais, o seu sucesor, Donald Trump, nomee un gabinete con forte tente anti-iraniano, e anuncie que coa axuda de Israel fará a vida imposible para a República Islámica durante os próximos catro anos.

Estas circunstancias empuxarán á RI a aumentar o peso do sector militarista, e polo tanto maior represión a posibles protestas dos cidadáns, así como maior ameaza de novas guerras na rexión. Os Gardiáns Islámicos, aos que non molesta un enfrontamento con EUA (sempre que sexa de baixa intensidade e controlable) co fin de xustificar a súa presenza na política, acusan a Rohani de ter caído na trampa de EUA, renunciando ao programa nuclear a cambio de nada.

Jamenei determinará quen será o próximo presidente da RI. De feito, en público esnaquizou o soño do ex presidente **Mahmud Ahmadineyad** de volver á presidencia, e mandou que retirase a súa candidatura para impedir “a polarización do país”. Así, o partido *Osulgarayan*, “o Principista” e Jamenei buscan un candidato anti-Rohani que, trala

morte de Rafsenyani, converteuse no principal rival do “Líder”. Entre os que se negaron desbancar ao presidente actual está o Ministro de Asuntos Exteriores **Javad Zarif**, mentres outros rostros coñecidos apúntanse para ser unha alternativa a Hasan Rohani: o alcalde de Teherán e ex militar **Bagher Qalibaf** (quen se presenta por terceira vez); **Ali Sharmkhani**, un almirante de 61 anos, Secretario do Consello Supremo de Seguridade Nacional; e **Said Jalili**, de 51 anos, ex director da Oficina do Líder (Jamenei) e outro home vinculado ao aparello de seguridade da teocracia.

Sen dúbida, as inmensas reservas de gas e petróleo de Irán, a súa estratéxica localización que lle sitúan entre o Golfo Pérsico, Oriente Próximo e Asia Central, e unha sociedade cun alto nivel educativo, pero que vive baixo unha ditadura relixiosa, determinarán o destino de Irán neste ano electoral. Segundo a revista *Forbes* (2015), logo de Rusia e EUA (e sen ter os datos de China e da India), Irán produciu o maior número de graduados en enxeñería (ique non de teoloxía!): uns 233.700 homes e mulleres. A fuga de case a metade destes cerebros deixa unha perda anual de US\$ 150.000 millóns para o Estado, que ademais se enfrenta a 12 millóns de parados, unha inflación galopante, onde os dereitos humanos máis elementais da nación son aplastados: segundo as cifras oficiais unhas 5.000 persoas están no corredor de morte, e execútase a unha media de 3 persoas por día.

Mentres Oriente Próximo vai á deriva, a principal misión do futuro presidente dun Irán rodeado de bases militares de EUA debería ser a distensión con todos os seus veciños, a “coexistencia pacífica” cos inimigos e rivais e algunhas reformas económicas capaces de rebaixar a perigosa tensión social.

3.5 Hong Kong: 20 anos baixo soberanía chinesa

Xulio Ríos

Ao se cumpriren os primeiros vinte anos da retrocesión a China de Hong Kong, un primeiro de xullo de 1997, Beijing encara importantes desafíos nesta Rexión Administrativa Especial (RAE) chamada a exhibir as virtudes da política “un país dous sistemas”, ideada para facilitar a reunificación total de China, incluída Taiwan.

Nos últimos tempos, a situación política en Hong Kong adquiriu signos de inestabilidade crecente, en especial desde a irrupción do “Movemento dos Paraugas” (2014) e o fracaso da reforma electoral en 2015. Coa tamén chamada Revolución dos Paraugas irrompeu unha nova xeración no mapa político de Hong Kong ao abrigo de formulacións máis rupturistas co continente. A creación de partidos de signo “independentista”, probablemente de escaso percorrido electoral dadas as características do sistema, pero con enraizamento na mocidade, é un síntoma desa reacción ante a convicción de que o control político do enclave aumentou nos últimos tempos restando valor á autonomía local.

Segundo os seus acólitos, Beijing tería interiorizado a idea de que as liberdades políticas de que gozan en Hong Kong e expresión do principio de “un país, dous sistemas” representan unha ameaza para a súa propia estabilidade no continente. A desaparición de cinco libereiros relacionados coa publicación de textos que desgustan ao PCCh afondou no malestar reinante en Hong Kong. E a sucesión de escándalos, torpezas e fracasos complican a xestión na RAE e afean al goberno central e ao PCCh, quen semellan estar á defensiva.

As eleccións legislativas celebradas o 4 de setembro revelaron esa nova radiografía do momento político do antigo enclave británico. Para China representaba unha oportunidade de reconducir a maltreita estabilidade da rexión nun contexto de incremento da resistencia cívica fronte ao que algúns sectores consideran unha erosión significativa e sistemática do autogoberno por parte das autoridades centrais.

Tralas trabas para dificultar a presentación de candidatos antisistema, certo que nunha aproximación xeral ofreceron un saldo político relativamente aceptable en termos numéricos pero non evitou o agrandamento do foso manifestado co fracaso da reforma electoral. A recuperación daquel discurso esixe contar con maiorías suficientes -dous terzos- no Consello Lexislativo e non están garantidas suficientemente. Non periga o control institucional pero si a estabilidade social. O propio futuro do autogoberno en Hong Kong e do principio de “un país dous sistemas” está en cuestión. Por iso China necesita abrir unha nova vía que mitigue a polarización e reconduza o entorto actual.

Os resultados electorais reflectiron o encallamento da política continental en Hong Kong. As insuficiencias e fragilidades da fórmula “un país dous sistemas” soerguen a novos sectores sociais que non dubidan en zarandear as inercias tradicionais, ben coñecidas polo goberno central. Están en cuestión os tabús do sistema establecido, incluída a inflexibilidade do Partido Comunista de China á hora de integrar as demandas de máis democracia e un sufraxio universal sen restricións.

Eses comicios resultaron claves para desbotar a candidatura á reelección de **Le-**

ung Chun-ying, o actual Xefe Executivo. A súa impopularidade medrou en paralelo á incapacidade para profundar no autogoberno e conter as intromisións do goberno central. A iso súmanse as dificultades económicas. Con estes resultados, o goberno central decidiu deixalo caer. Atopará outro candidato aceptable polas elites económicas pero se non é quen de facilitar unha proposta que tome boa nota da nova realidade, de pouco servirá.

O maior reto para Beijing agora é acurtar os movementos de signo irredentista. E semella disposto a usar todos os medios ao seu alcance. De primeiras, a Corte Suprema de Hong Kong pronunciouse a favor das teses do goberno central invalidando a toma de posesión no Consello Lexislativo de dous deputados independentistas que violaron as normas da Lei Básica ao prestar xuramento. O fallo produciuse despois de que o Parlamento chinés emitise o seu propio ditame. Os xuíces da Corte Suprema aseguraron que a súa decisión sería a mesma sen importar o sentido da intervención preventiva de Beijing pero a interpretación que dimana do poder central é vinculante e mírese como se mire dana a imaxe da autonomía de Hong Kong. A intervención da Asemblea Popular Nacional na disputa cun pronunciamento urxente e sen esperar ao ditame da Corte Suprema de Hong Kong, deixou en evidencia as présas de Beijing por poñer coto ás posibles dúbidas ou vacilacións. É a primeira vez que as autoridades centrais interveñen nun caso xudicial pendente sen unha solicitude do goberno ou do poder xudicial de Hong Kong. Semellante modo de actuar reforza os argumentos independentistas.

Nas conmemoracións do 150 aniversario do nacemento de **Sun Yat-sen**, a mensaxe

do presidente Xi Jinping aos secesionistas de todo signo non puido ser máis contundente: non habrá titubeo algún. Quizá o principal destinatario fose Taiwan, hoxe gobernado polos soberanistas con maioría folgada, pero sen dúbida o enrarecemento da situación en Hong Kong tamén planeaba no ambiente. En Tibet ou Xinjiang impera a sordina. **Zhang Dejiang**, o número tres chinés, visitou Hong Kong en maio para reclamar calma e confianza, expresando certo recoñecemento das bondades dunha pluralidade que, segundo dixo, non estaría en perigo. A súa foi a primeira xira dun alto dirixente chinés desde a realizada por Hu Jintao en 2012 e transmitiu a preocupación do goberno central polo eco das críticas entre a mocidade hongkonesa, onde avanza unha identidade pretendidamente diferenciada do resto da comunidade

chinesa. Para o PCCh, son preocupacións maiores.

Unha universidade hongkonesa detallou o resultado dunha enquisa levada a cabo o pasado 24 de xullo segundo a cal un 17 por cento da poboación apoiaría a independencia do territorio despois de 2047 (50 anos despois da recuperación da soberanía china) mentres un 57 por cento se oporía a ela. Só o 4 por cento a consideraba “posible”. Cando **Zhao Ziyang** e **Margaret Thatcher** firmaron en 1984 a declaración básica que daba pe á retrocesión, China expresou o compromiso de respectar, alomenos durante 50 anos, o estilo de vida e os sistemas legal, xudicial, financeiro, etc., vixentes en la rexión. Agora, algúns suxiren o chamativo regreso ao dominio británico como primeiro paso para acceder á independencia....

4.

Reflexións transversais

4.1 É unha opción a desglobalización?

Alfredo Toro Hardy

A globalización, que emerxeu como resultado dunha intención política e dunha factibilidade tecnolóxica, adéntrase agora no seu ocaso impulsada polas mesmas razóns. En ambos casos, intención e factibilidade identifícanse co mundo desenvolvido, a quen pode atribuírse tanto o inicio como o declive deste fenómeno.

O impulso político á globalización proveu de varias fronteiras converxentes controlado polas grandes capitais do mundo desenvolvido: a Rolda Uruguaí do GATT, o Consenso de Washington, as políticas de axuste estrutural impostas polo FMI e a expansión da Organización Mundial de Comercio. Detrás deste proceso atopábase a convicción, segundo palabras do académico estadounidense **Charles Kupchan**, de *“que a globalización debía beneficiar ás sociedades desenvolvidas, quen presuntamente estaban en mellores condicións para capitalizar as oportunidades resultantes dun mercado global rápido e fluído”* (“Refounding good governance”, *The New York Times*, 19 de decembro de 2011).

Á vontade política uniuse a capacidade tecnolóxica. Esta centrouse nun primeiro

momento nas chamadas “cadeas de subministro” e nunha segunda fase nas denominadas “cadeas globais de valor”. De acordo á primeira de devanditas cadeas, as corporacións do mundo occidental ían á caza do obreiro de menores custes en calquera parte do planeta onde se atopase. Iso non só para a elaboración dos numerosos compoñentes dun mesmo produto senón para o ensamblado final deste. En virtude da segunda, as corporacións non só se contentaban con buscar ao obreiro de menor custe para cada proceso fabril, senón tamén ao enxeñeiro, ao deseñador, ao contador, ao programador ou ao encargado de atención ao público de custes máis económicos. Isto implicaba ir ao país onde confluían maiores niveis de cualificación profesional ou técnica con menores remuneracións por servizo.

As cadeas de subministro equivalen a un crebacabezas elevado á enésima potencia, só manexable grazas aos xigantescos avances nas tecnoloxías da información, o transporte, as comunicacións e a loxística portuaria. O seguimento, control e mobilización de infinidade de pezas, compoñentes e produtos, que se desprazan nas máis diversas direccións, non resultaría posible de non existir unha tecnoloxía que o posibilite. Outro tanto ocorre coas cadeas globais de valor que integran aos servizos coas manufacturas e que resultasen inviables sen a Internet, o Skype e as demais tecnoloxías que conducen á morte da distancia.

Agora ben, a intencionalidade política e a factibilidade tecnolóxica que dende o mundo desenvolvido impulsaron a globalización avanza agora en dirección contraria. Comezamos pola primeira. Un dos temas nos que a esquerda e a extrema dereita converxen ao

longo e ancho do mundo desenvolvido é no rexeitamento á globalización económica. Iso abarca desde **Corbyn** ata **Le Pen**, pasando por Podemos ou o Partido da Liberdade en Austria.

Tamén nas pasadas eleccións estadounidenses **Sanders** e Trump atoparon un denominador común no seu ataque aos tratados comerciais e ás políticas que fixeron da globalización unha realidade. O máis significativo, con todo, é que a insurxencia fronte a esta adquiriu unha intensidade tal que forzou aos centristas a pregarse a esta posición. Foi así que **Hillary Clinton**, outrora gran propulsora do libre comercio internacional, debeu sumarse ás voces críticas a este durante de-vandita contenda electoral.

O fenómeno político que conduciu ao éxito do binomio Brexit-Trump susténtase nunha reacción contra as elites cosmopolitas e a súa visión dun mundo cabalmente integrado. En esencia tratouse dunha confrontación entre a pequena aldea e a súa morriña por un claro de sentido de pertenza e de protección fronte aos sobressaltos dun mundo en transformación e a aldea global, decidida a derribar barreiras e a propiciar unha contorna mundial definida por quen se atopan á vangarda dos cambios. O certo é que ao promover a inclusión dentro da ecuación laboral global de 1,3 mil millóns de chineses, 1,2 mil millóns de indios ou 250 millóns de indonesios, dentro do contexto dunha carreira cara a man de obra máis barata, as nacións occidentais compraron para si inmensos problemas políticos e sociais e transformáronse en fortalezas asediadas. Máxime porque foron as súas propias corporacións as que se beneficiaron desta man de obra. En palabras de **Zachary Kara-**

bell: “*Unha porción substancial dos produtos exportados por China desde comezos de milenio, foi manufacturada por empresas do mundo desenvolvido que fabrican alí co obxectivo de vender no exterior*” (*Superfusion*, New York, Simon & Schuster, 2009, p. 156).

Tal como sinala Charles Kupchan, antes citado: “*Unha crise de gobernabilidade envolve ao mundo desenvolvido. Non é accidente que EUA, Europa e Xapón confronten simultaneamente inmensos problemas políticos, en momentos en que a globalización está xerando unha radicalización dos seus electorados (...) Suporíase que a globalización debía beneficiar ás sociedades desenvolvidas, quen presuntamente estaban en mellores condicións para capitalizar as oportunidades resultantes dun mercado global rápido e fluído. Con todo, ao longo das últimas dúas décadas, os salarios das clases medias do mundo desenvolvido estancaron e a desigualdade disparouse. Iso é o resultado da incorporación ao mercado global de miles de millóns de traballadores de man de obra barata provenientes do mundo en desenvolvemento*” (Idem).

Máis aínda, en virtude das chamadas cadeas globais de valor materializouse o chamado fenómeno da “oficina de atrás”, que entraña a externalización de numerosas actividades que tradicionalmente realizábanse dentro da propia compañía. Funcións tales como contabilidade, atención ao cliente, nómina de pago, deseño de produtos, procesamento de datos, entre outras tantas, pasaron a ser contratadas ao provedor de menor custo que puidese garantir un nivel estándar de calidade. Isto implicou unha transferencia masiva de empregos ao mundo en desenvol-

vemento onde tales niveis de calidade podían ser obtidos a custos moi inferiores.

En 2006 **Alain Blinder**, Director do Centro de Estudos de Economía Política da Universidade de Princeton, prognosticaba que a área dos servizos non personalizados estaba en vésperas dunha revolución que conlevaría a transferencia de ducias de millóns de empregos ás economías emerxentes (“Offshoring: The Next Industrial Revolution”, *Foreign Affairs*, New York, Vol. 85, Marzo-Abril, 2006). Tres anos máis tarde, esta vez en compañía de **Alan B. Krueger**, Blinder chegou á conclusión que mentres máis alto fose o nivel educativo requirido por estes empregos, máis “externalizable” resultaría a función (“Alternative Measures of Offshorability”, Washington D.C., National Bureau of Economic Research, Working Paper 15287, Agosto 2009).

Como estrañarse, entón, da reacción traída consigo pola globalización? A mesma é facilmente comprensible cando se len as cifras dadas por Bernie Sanders nun artigo da súa autoría, publicado o 28 de xuño de 2016 no *New York Times*. Entre os datos alí plasados atópanse os seguintes: as 62 persoas máis adañeiradas deste planeta posúen unha riqueza igual á dos tres mil seiscentos millóns de persoas que conforman a metade inferior da poboación mundial. O 1% máis próspero supera en riqueza ao 99% remanente da humanidade. Nos últimos quince anos, sesenta mil fábricas pecharon as súas portas en Estados Unidos, propiciando a desaparición de 4,8 millóns de empregos manufactureiros ben pagos. Mentres 47 millóns de estadounidenses sitúanse por baixo da liña da pobreza, os sectores de menor educación no país viron reducir a súa expectativa de vida con respec-

to ás xeracións precedentes, sucumbindo crecentemente ante a desesperación, os opioides e o alcohol. Entre tanto o 58% de todos os ingresos xerados no país van parar aos petos do 1% máis rico.

Pero xunto á intencionalidade política que agora reverteuse, existe tamén unha factibilidade tecnolóxica con capacidade para dar marcha en reverso. Iso permite facer realidade o regreso a casa das funcións produtivas ao que empuxa a presión política. Isto non debe confundirse co retorno dos vellos empregos. Confrontadas á competencia de mercancías estranxeiras de baixo custe, que elas mesmas propiciaron coas súas políticas, as economías do mundo desenvolvido víronse obrigadas a recuperar a súa competitividade recorrendo á dixitalización, á robótica e á tecnoloxía agregativa. Estas, aínda que están en capacidade de conducir á irrelevancia as cadeas de subministro e as cadeas globais de valor, avanza en dirección contraria á recuperación dos empregos humanos perdidos.

O aumento dramático na destreza fabril dos robots ha ir acompañado dunha caída igualmente dramática dos seus custes. A un prezo medio de 24 mil dólares por unidade, estes resultan xa asequibles para as pequenas e medianas industrias que é onde se sitúa o 70 por cento da capacidade manufactureira global. Á vez, a tecnoloxía agregativa (ou de impresión 3D) avanza a pasos axigantados. A impresoras de Carbón 3D, aparecidas en abril de 2016, resultan 100 veces máis rápidas que as súas predecesoras. Iso comeza a facer innecesarios os inventarios para partes automotrices, aeronáuticas ou doutra natureza, xa que basta con gardar os arquivos dixitais destas para imprimilas a contra demanda. Pero á vez dita tecnoloxía posibilita

a elaboración directa de compoñentes moito máis completos, obviando multitude de pasos produtivos intermedios.

Doutra banda, a automatización do coñecemento tende a facer innecesaria a procura de servizos profesionais fronteiras fóra cando as propias computadoras avanza na súa capacidade de prestalos. Esta última está penetrando xa, en efecto, en espazos laborais que requirían de pensamento analítico e alto nivel de educación. Un proceso e un exemplo poden contribuír a explicar o anterior. O primeiro é o que en inglés se coñece como “big data” e que podería traducirse aproximadamente como información ampla. Segundo o mesmo, todo o universo de información dispoñible na esfera dixital pode ser instantaneamente “accesado” e cotexado pola computación. O exemplo do seu lado refírese á soada computadora Watson de IBM que logo de diversas proezas en materia de pensamento analítico, penetrou con éxito no campo do diagnóstico médico.

Así as cousas, tanto a intencionalidade política como a factibilidade tecnolóxica que fixeron da globalización unha realidade, están agora en condicións de facer que a “desglobalización” materialícese. Con todo, iso non fará volver os empregos desaparecidos no mundo desenvolvido. Tal como sinalaron **Carl Benedikt Frey** e **Michael Osborne**, nun soado reporte da Universidade de Oxford aparecido en setembro de 2013, en pouco máis dunha década a metade dos postos de traballo en Estados Unidos poden desaparecer como resultado da tecnoloxía dixital. Situación esta que tenderá a reproducirse no conxunto do mundo occidental.

4.2 COP 22 Marrakech: Irreversible ou papel mollado?

Daniel González Palau

A vixésimo segunda conferencia internacional sobre o cambio climático tivo lugar por segunda ocasión en Marrocos, na capital turística do país, Marrakech, coidando ao máis alto nivel os preparativos durante todo o 2016 e acollendo o cumio con entusiasmo entre o 7 e o 18 de novembro do 2016. No contexto de incerteza xeral predominante na sociedade internacional, cómpre lembrar que a COP22⁽¹⁾ de Marrakech viñera precedida ao longo do ano de grandes expectativas e declaracións políticas de alto nivel coa idea de converter a cimeira, en palabras do Presidente francés Hollande, “*na Conferencia das solucións, despois da Conferencia de París, a das decisións*”, en referencia ao Acordo de París da COP21 asinado en decembro de 2015 (que substituirá ao fracasado protocolo de Kyoto⁽²⁾ 1997 e ao non nato de Copenhague 2009).

O calendario fixo das súas e a COP22 coincidiu coa vitoria de Donald Trump nas eleccións estadounidenses, o que enmarcou todo o subtexto da propia cimeira, xa que o futuro presidente de EUA é un recoñecido negacionista que adxectivara a idea de quecemento global como un “conto chinés⁽³⁾” en

(1) A COP é a Conferencia das Partes da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático. A primeira realizouse en Berlín no 1995, tres anos despois da Cimeira de Río (1992) que institucionaliza a idea de desenvolvemento sustentable.

(2) O Protocolo de Kyoto foi o primeiro grande acordo en materia de cambio climático con aspiracións universais. Sen embargo, a negativa de distintos Estados e principalmente a oposición dos EUA a ratificalo, acabou por frústralo iniciándose novas negociacións para un novo acordo universal desde o 2011. O protocolo de Kyoto perderá toda vixencia no 2020.

(3) Idea lanzada por Donald Trump na rede social/microblogging Twitter, en outubro de 2012.

2012. Desde un primeiro momento, o equipo de Trump desautorizou a ratificación do Acordo de París executada por Obama e ameazou con saírse do mesmo tras tomar posesión.

O Acordo de París (asinado por 195 Estados en decembro de 2015) comprometérase a rebaixar as emisións de efecto invernadero transitando cara unha economía baixa en carbono, nun acordo histórico por implicar á práctica totalidade do planeta, limitar o quecemento global e procurar a seguridade e a xustiza climática. En palabras de **Ban Ki Moon** “*o acordo internacional máis difícil que nunca se negociara*”.

En si mesmo, o Acordo non ten mecanismos e obxectivos obrigatorios para os Estados, o que levou a falar de farsa a federacións ecoloxistas internacionais como Amigos da Terra, sen embargo, ademais da súa universalidade si que ten a virtude de obrigar ao seguimento e a revisión dos obxectivos. É relevante tamén entender o Acordo de París coma parte central da axenda global das Nacións Unidas 2015-2030 e os seus ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) polo que simbolicamente ten un peso forte no sistema de Nacións Unidas.

Con todas as limitacións e incertezas presentes, a axenda previa de Marrakech estaba centrada no desenvolvemento operativo do Acordo de París, arredor da definición concreta dos mecanismos para que os obxectivos marcados non quedaran en papel mollado.

Xa superada a cimeira, a participación do continente africano e a propia actitude do anfitrión⁽⁴⁾ son os primeiros síntomas a en-

marcar nos significados da COP22. O cambio climático é un problema prioritario na axenda política africana e así se manifestou durante toda a cimeira. Dentro do moi inestable sistema internacional, o cambio climático afecta con especial virulencia a África, aparecendo como unha das máis fortes ameazas para o continente, tanto en relación ás potencialidades de crecemento económico nas próximas décadas como a nivel de gobernabilidade e relacións interestatais co fenómeno dos refuxiados climáticos en crecemento.

Ademais, esta situación de vulnerabilidade extrapólase no marco histórico das negociacións climáticas aos países do Sur global, como América Latina, China ou a India, co que a formación tradicional nas discusións climáticas entre a posición dos países desenvolvidos e a posición dos países en vías de desenvolvemento emerxeu de novo durante todas as negociacións de Marrakech. Sen embargo, á marxe de que ao longo das discusións esta fenda entre os países ricos e pobres (e dalgunha maneira o dereito a contaminar e a desenvolverse como os países occidentais) o conxunto dos presentes en Marrakech conseguiu pequenos avances parciais nas distintas liñas de traballo necesarias para facer entrar a funcionar toda a engranaxe burocrática e procedimental dun acordo universal destas magnitudes, que debería estar a pleno rendemento en 2020 cando Kyoto perda toda vivencia.

Así as cousas, destacan ao final da cimeira dúas medidas finais de certo calado. Dunha

(4) A diplomacia marroquí e as máis altas autoridades do Estado marroquí distinguíronse por darlle un protagonismo estratéxico ao cumio internacional, para reforzar

a imaxe de país aberto ao mundo e a súa modernidade con todo tipo de iniciativas arredor dun modelo de sustentabilidade ambiental que se quere referencial para o continente africano. Destacou e sorprendeu uns meses antes da celebración da COP a prohibición total de bolsas de plástico no país.

banda, unha decisión propiamente técnica, a definición do calendario, o establecemento do 2018 como ano de entrada en funcionamento dos regulamentos que poñan en funcionamento o Acordo. E doutra banda, cun carácter marcadamente político, a Declaración de Acción de Marrakech, definindo como irreversible a loita da comunidade internacional contra o cambio climático e a vixencia de todos os obxectivos marcados en París un ano antes (como o moi conflictivo punto do financiamento climático, 100.000 millóns de dólares dirixidos especialmente aos países en vías de desenvolvemento para a adaptación das súas tecnoloxías aos novos obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro).

Detrás deste moi pequeno éxito (a continuidade do acordado en París), a diplomacia francesa e a europea en xeral, xunto á chinesa, xogaron un papel crucial, principalmente para que a vitoria de D. Trump non envalecentara a outros Estados potencialmente renuentes a comprometerse coa axenda climática de Marrakech. Neste sentido, algúns analistas puxeron o acento na normalización dunha sociedade internacional que non precisa conxelar as súas decisións polo que poida pasar en EUA, unha sociedade internacional que non ten xa un único centro... aínda que indubidablemente a posición de EUA influirá en todos os ámbitos de todas as axendas das Nacións Unidas nos próximos anos.

Por referirnos á posición española haberá que apuntar que o presidente Rajoy declinou participar no Plenario a última hora xa unha vez incorporado á axenda oficial. Tamén que tanto no Estado como en Galicia os gases de efecto invernadoiro seguiron medrando durante 2015, sen atoparmos síntomas de que esta situación mude.

Por último, haberá que observar que os pequenos éxitos do Acordo de París e a Cimeira de Marrakech non semellan ser moito máis que o bucle repetitivo de avances e retrocesos na loita contra o cambio climático global (sempre subsidiaria doutros debates máis *realistas* da sociedade internacional). O bloqueo de elementos estruturais de funcionamento das nosas (e das súas) sociedades, como os modelos de consumo e de desenvolvemento tradicional, non permitiron saírmos do bucle por agora.

4.3 Os “Papeis de Panamá”

Roberto Montoya

A corrupción seguía aparecendo no barómetro do CIS de fins de 2016 como a segunda preocupación dos españois, só despois do paro, un nivel moi superior ao que se reflicte nas estatísticas da maioría dos outros 27 países membros da UE.

Con todo, durante 2016, España sentiuse máis “acompañada” ao destaparse un escándalo de fraude fiscal de escala internacional, ligado en moitos casos a tramas de corrupción. A revelación por parte do Consorcio Internacional de Xornalistas de Investigación (ICIJ) dos chamados Papeis de Panamá, deixou ao descuberto as actividades de *Mossack Fonseca*, un dos despachos de avogados máis importantes do mundo en enxeñería fiscal e asesoramento a miles de clientes para operar de forma secreta en paraísos fiscais, con oficinas en 27 países.

Foron 370 xornalistas de 100 medios de comunicación de 76 países os que traballaron coordinadamente para revelar o comprometido contido de 11,5 millóns de arquivos ob-

tidos -ao estilo *Wikileaks*- do despacho *Mos-sack Fonseca*, con sé oficial en Panamá, que corresponden a operacións realizadas entre 1977 e 2015.

A revelación dos Papeis de Panamá é sen dúbida o traballo de investigación xornalística colectivo máis ambicioso realizado ata o momento. As actividades secretas de máis de 140 políticos de 50 países, xefes de Estado, ministros, famosas personalidades, artistas, deportistas de elite e miles de empresas e poderosos bancos como o suízo *HBS* ou o británico *HSBC* quedaron ao descuberto grazas a eses arquivos.

Así apareceron os nomes do actual presidente de Arxentina, **Mauricio Macri** e varios dos seus familiares; o do ex primeiro ministro de Xeorxia, **Bidzina Ivanishvili**; o primeiro ministro de Islandia, **Sigmundur David Gunnlaugsson**; o ex primeiro ministro iraquí **Ayad Allawi**; o tamén ex primeiro ministro de Xordania **Ali Abu al-Ragheb** e **Hamad bin Jassim bin Jaber Al Thani**, de Qatar; o ex Emir de Qatar **Hamad bin Khalifa Al Thani**; o rei de Arabia Saudita, **Salman bin Abdulaziz bin Abdulrahman Al Saud**; o ex presidente de Sudán **Ahmad Ali al-Mirghani**; o presidente de Emiratos Árabes Unidos, emir **Khalifa bin Zayed bin Sultan Al Nahyan**; o ex primeiro ministro de Ucraína, **Pavlo Lazarenko** e o propio presidente ucraíno **Petro Poroshenko**.

Aparecen implicados igualmente socios e familiares de líderes políticos como Vladimir Putin; o presidente chinés; o presidente sirio; está **Ian Cameron**, o pai do ex primeiro ministro británico; **Alaa Mubarak**, fillo do ex presidente exipcio; **Mounir Majidi**, secretario persoal do rei de Marrocos, ou a

infanta **Pilar de Borbón**, irmá do rei **Juan Carlos I**, que mantivo desde 1974 ata 2014 a empresa panameña *Delantero Financiera*.

O ministro español de Industria, Enerxía e Turismo, deputado e presidente do PP en Canarias, viuse en 2015 na obriga de dimitir ao comprobarse que mentiu ao negar que tivera xunto a familiares a sociedade offshore *UK Lines Limited* no paraíso fiscal de Bahamas e outra rexistrada en Jersey, feito que finalmente terminou recoñecendo.

O ex vicepresidente de Goberno e ex director do FMI **Rodrigo Rato**, tamén aparece nos Papeis de Panamá ligado ás sociedades *Finsbury Trust* segundo *El Confidencial* y *La Sexta*, medios participantes do consorcio de xornalistas que revelou o escándalo.

En ditos arquivos aparece involucrado tamén **Oleguer Pujol**, fillo do ex president de Cataluña **Jordi Pujol**; **Micaela Domecq**, esposa de **Miguel Arias Cañete** -comisario europeo de Clima e Enerxía e ex ministro de Agricultura- ligada á sociedade panameña *Rinconada Investments Group*.

Entre os españois que aparecen mencionados nos Papeis de Panamá figuran tamén **Francisco** e **Juan José Franco**, empresarios e bisnetos do ditador; o tristemente famoso espía **Francisco Paesa**; a familia **Carceller**, empresarios; o ex alcalde de Boadilla del Monte **Arturo González Panero** -El Albondiguilla- implicado na trama Gürtel; **Miguel Blesa**, ex presidente de Caja Madrid salpicado en varios escándalos financeiros; os empresarios **Alberto Alcocer** e **Alberto Cortina**; a ex asesora de banca privada **Mar García Vaquero**, esposa de **Felipe González**; o ex presidente do Partido Popular, **Antonio Hernández Mancha**; a xornalista **Teresa Aranda**, esposa de **Juan Luis**

Cebrián -fundador de *El País* e conselleiro delegado de PRISA-; o escritor **Mario Vargas Llosa** e a súa ex esposa; o coleccionista de arte **Borja Thyssen-Bornemisza** e outros.

A esta lista engádense tamén outros españois vinculados ao mundo empresarial deportivo como o vicepresidente do Real Madrid **Eduardo Fernández de Blas**, ou deportistas de elite como **Lionel Messi** -ten nacionalidade española e arxentina- ; ou o ex campión mundial de motociclismo **Álex Crivillé**.

No ambiente artístico español aparecen tamén mencionados **Pedro Almodóvar** e o seu irmán **Agustín**, o cantante e presentador **Bertín Osborne**; **Imanol Arias** e outros.

Unha das consecuencias políticas mais relevantes provocada por este escándalo foi a dimisión do primeiro ministro de Islandia, o liberal **Sigmundur David Gunnlaugsson**, tras descubrirse que el e a súa esposa crearan *Wintris Inc.*, unha sociedade offshore nas Illas Virxes británicas, onde ingresaran cerca de catro millóns de euros en bonos de bancos que quebraron en 2008. A revelación provocou a ira dos islandeses, xa que esa sociedade, da que era titular a esposa de Gunnlaugsson aparecía como a principal acreedora dos bancos nacionalizados con quen tiña que negociar o Estado.

A pesar de que Panamá é considerado un dos principais paraísos fiscais de toda América Latina e do Caribe e que a Comisión Europea incluíuno na súa lista negra, España quitouno da mesma en 2011.

Os depósitos e investimentos en paraísos fiscais non supoñen de por si un delito, pero na maioría destes casos implican unha evasión dos impostos nos países de orixe, é

capital non declarado ao fisco, o que si é un delito. Nalgúns casos trátase de sumas de ducias de miles ou centos de miles de euros, pero noutros son millóns e millóns de euros os defraudados.

E en moitos dos casos revelados son accións de branqueo de diñeiro negro obtido por medios ilícitos, provenientes do narcotráfico, o tráfico de armas ou a prostitución.

A pesar de que en moitos países os arquivos revelados están servindo para investigar a moitos dos seus nacionais mencionados nelles, non é de agardar cambios substanciais na loita contra o branqueo de diñeiro, a evasión fiscal e o fin dos paraísos fiscais, dada a falta de transparencia, intereses en xogo e disparidade de criterios existente a nivel internacional para valorar e perseguir eses delitos.

4.4 Drogas: unha guerra perdida?

Roberto Mansilla Blanco

A través dunha petición formulada desde 2012 por Colombia, Guatemala, e México, entre o 19 e 21 de abril de 2016 realizouse en Nova York a Sesión Especial da Asemblea Xeral da ONU (UNGASS) sobre o problema das políticas de drogas, a terceira especificamente organizada pola ONU nesta materia.

Na súa declaración final, aprobada “por consenso”, realizáronse algúns avances significativos en materia de enfoque, en particular na adopción de políticas de desenvolvemento alternativas consecuentes cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) así como dunha maior mobilización da sociedade civil na reforma das políticas de drogas. Non obstante, a conferencia fracasou no recoñecemento sobre os escasos progresos sobre o

control internacional das drogas, polarizándose en torno ao tema da pena de morte, da despenalización polos delitos de drogas e da aprobación do consumo dalgunhas delas (cannabis).

Desprazada da atención en comparación coa pretendida e polémica “guerra internacional contra o terrorismo”, a guerra global contra as drogas dilúese nun conflito interminable, invisible e sen avances precisos. Mais ben, todo o contrario: no seu Informe Mundial sobre as Drogas 2016, a Oficina da ONU contra a Droga e o Delito (UNODC) estimou que 1 de cada 20 adultos, en total 250 millóns de persoas entre 15 e 64 anos, consumiron cando menos unha droga en 2014.

Lideran os índices de consumo EUA, Canadá, Rusia, Europa oriental e China. O cannabis é a droga mais comercializada a nivel mundial (129 países), principalmente de Asia e América. No relativo ao número de mortes por consumo de drogas, o mesmo permanece inalterable: 207.400 (2014), aproximadamente 43,5 mortes por millón de persoas entre 15 e 64 anos. Doce millóns de persoas inxéctanse drogas, das que 1,5 millóns son portadoras do VIH.

Os estragos do comercio de drogas son igualmente graves en materia de xénero e de clases sociais. As mulleres e as nenas son mais vulnerables á explotación deste negocio, de xeito que a dependencia do consumo de drogas é maior nas clases socioeconómicas mais desfavorecidas. O custe económico para combater o problema das drogas oscila entre o 0,07 e o 1,7% do PIB dos países afectados.

Ante o avance do comercio internacional das drogas, o poder dos carteis do narcotráfico segue igualmente fortalecéndose, incluso ata constituírse en verdadeiros actores de poder

con capacidade de influencia nas estruturas políticas estatais, burocráticas, empresariais, policiais e incluso militares. Países como México, Guatemala, Colombia, Afganistán e Guinea Bissau, entre outros, soen estar frecuentemente incluídos nas polémicas listaxes de “narcoestados”, aqueles cuxas estruturas públicas, burocráticas e incluso funcionarios e cargos gobernamentais foron penetrados polos carteis e as actividades propias do narcotráfico.

Esta preocupante radiografía igualmente cuestiona a consistencia e efectividade das políticas antidrogas, principalmente daquelas impulsadas pola *Drug Enforcement Administration* (DEA). Como principais consumidores a nivel mundial, EUA e Europa son os mercados mais apetecibles polo progresivo incremento do prezo da droga na cadea de distribución dende o lugar de orixe de produción.

Paralelamente, a militarización da guerra antidrogas é igualmente un feito palpable e aparentemente irreversible, aspecto que incrementa os casos de violacións dos dereitos humanos, racismo, discriminación, erosión da democracia e impunidade xudicial. Con este cadro, a guerra antidrogas equipárase comparativamente coa igualmente polémica “guerra contra o terrorismo”, reproducindo un drama atrapado nun interminable círculo vicioso.

4.5 Pódese frear o gasto militar

Pere Ortega (Centre Dèlas)

O gasto militar mundial no ano 2015, segundo o SIPRI, foi de US\$ 1,76 billóns, un 2,3% do PIB mundial. Sen dúbida, unha cantidade considerable que, desde 2009, debido a dúas causas, comezou a diminuír. Unha, pola chegada da crise de finais de 2007, que afectou en especial a EUA e a Europa occidental, quen aplicaron plans de axuste nos seus orzamentos que afectaron ao gasto militar; e, por outra banda, o cambio de orientación xeoestratéxica na política de EUA e dos seus aliados trala chegada de Barack Obama á Casa Branca, que reduciu o belicismo e as intervencións no exterior da primeira década do século XXI levadas a cabo tralos atentados do 11-S de 2001, que conduciron ás guerras en Afganistán e Iraq que impulsou ao alza o gasto militar mundial.

Estes dous feitos imprimiron un cambio de tendencia no gasto militar mundial. No 2009, o gasto militar representaba o 2,7% do PIB mundial, en 2015 era do 2,3%. Así, o gasto militar, en valores constantes, diminuíu. Por exemplo, en EUA, o gasto militar descendeu en US\$ 162.520 millóns, un 21% ata 2015; mentres que nestes mesmos anos, os países europeos membros da OTAN rebaixaron o seu orzamento militar en US\$ 50.000 millóns, un 16%. Aínda que todo é relativo, neses mesmos anos as outras dúas grandes potencias, China e Rusia, continuaron aumentando o seu gasto militar. China fíxoo nun 88%, US\$ 100.958 millóns; e Rusia, no mesmo período, aumentábo en US\$ 34.148 millóns, un 54%; mentres que o resto de BRICS estabilizaron o seu gasto militar sen aumentos notables. En cambio, os países

de Oriente Medio, a rexión con máis conflitos abertos, aumentaron o seu gasto militar en US\$ 51.000 millóns, un 39% nesa mesma etapa.

As razóns que empuxaron a Rusia e China a ese aumento explícanse, no caso de Rusia, porque tralo colapso da URSS perdera a súa capacidade de manterse como potencia, o cal quedou subsanado coa suba do prezo dos hidrocarburos na década do 2000, que lle permitiu modernizar as súas forzas armadas para recuperar a súa influencia xeopolítica e frear a expansión da OTAN fronte ás súas fronteiras en Europa. Velaí as súas intervencións en Xeorxia, logo en Ucraína ou a súa implicación na guerra de Siria.

Mentres que China, cun exército 3 millóns de soldados mal equipados, dedicouse a reconverter e modernizar as súas forzas armadas, non coa intención de competir con EUA ou Rusia pola hexemonía mundial, pero si para exercer un maior control sobre a zona de influencia sudasiática onde EUA tamén estaba reforzando a súa presenza militar, co interese de protexer as rutas marítimas por onde flúen as materias primas e recursos para o seu desenvolvemento económico. Velaí que os seus investimentos militares, en especial, vaian destinados a modernizar a súa Armada.

A pesar da incerteza que xera a elección de Donald Trump como presidente de EUA e cara onde pode derivar a xeopolítica internacional respecto aos conflitos existentes no mundo e en como iso pode afectar ao gasto militar, non se debe perder a esperanza de continuar coa dinámica de reducir ese enorme gasto militar actual de US\$ 1,76 billóns e reinvestilo en desenvolvemento humano. Esta é unha aspiración expresada fai 25 anos no II Informe de Desenvolvemento Humano

(PNUD) de 1991, que sinalaba entón que, tras finalizar a Guerra Fría, o gasto militar mundial aquel ano descendía en US\$ 200.000 millóns, aos que denominaba como dividendos de paz, e destinando entre un 3% u o 4% do total de gasto anual de entón, que representaban US\$ 50.000 millóns de axuda ao desenvolvemento poderían eliminar, á volta de dez anos, as enormes desigualdades existentes no mundo.

É dicir, que a vontade expresada no PNUD de 1991, hoxe, co gasto militar mundial actual e aplicando unha diminución similar dun 3% anual e destinándoa ao desenvolvemento humano dos países empobrecidos, disporíase de algo máis de US\$ 50.000 millóns para paliar as desigualdades mais perentorias dos países empobrecidos, en especial a fame, e desenvolver unha educación e sanidade suficientes como para que as súas economías melloraran.

Se a crise económica e a diminución do belicismo permitiron un aforro nos gastos de

defensa, tan só debería persistir nese mesmo camiño, en especial cambiando as políticas que as potencias levan a cabo en Oriente Medio, promovendo accións encamiñadas a acabar cos moitos conflitos existentes mediante os mellores recursos que se coñecen, o diálogo e a negociación entre todos os países e actores implicados.

Ese camiño permitiría persistir no aforro en defensa, que sempre tradúcese nunha redución na adquisición de armamentos ou no número de efectivos militares que, en lugar de destinalo integramente a reducir o déficit e a débeda pública, como ocorreu nestes anos, unha parte do aforro destínese ao desenvolvemento humano, que sen dúbida contribuiría a reducir as violencias estruturais e culturais, as que fan posible a aparición das violencias que teñen na guerra a súa máxima perversión. Entón, e como en tantas outras cousas, esa posibilidade existe e tan só é cuestión de vontade política por parte dos gobernos.

5.

Personaxes de 2016

■ Donald Trump



Indubidable personaxe do ano 2016, o “efecto Trump” manifestará a súa real dimensión durante 2017. Provisto dunha imprevisible personalidade que acrecenta as incógnitas sobre como será o seu goberno, Trump (70 anos) deberá acreditar en que medida os factores electorais que o levaron á presidencia poderán conciliarse cos complexos contrapesos de poder existentes en Washington. E aquí particularmente entra en xogo a influencia do Partido Republicano á hora de equilibrar unha presidencia que se anuncia estridente no discurso e imprevisible no político. Entre os seus retos destacan coñecer con certeza o nivel da súa relación de amizade con Rusia e como evolucionará este escenario na volátil relación transatlántica, particularmente ante o ciclo electoral previsto en Europa. Paralelamente, ignoramos cal

será o seu impacto de cara á presumible confrontación comercial e xeopolítica con China, así como nas decisións de problemas globais (cambio climático, inmigración, guerra contra o terrorismo, comercio internacional), onde intúese a súa preferencia por fortalecer un nacionalismo proteccionista non divorciado das receitas privatizadoras. Trump alenta unhas expectativas empeñadas en anunciar a asunción dun inédito estilo populista e “politicamente incorrecto” en EUA.

■ Adama Barrow



Líder do opositor Partido Unido Democrático (PUD), Adama Barrow (51 anos) alcanzou unha histórica vitoria electoral nos comicios presidenciais de Gambia (1 de decembro) que puxeron fin a 22 anos de mandato do actual xefe de Estado **Yahya Jamméh**, na presidencia tralo golpe militar de 1994. Barrow, ex garda de seguridade con educación universitaria en Gran Bretaña que regresou ao seu país en 2006 para desenvolverse no sector inmobiliario, deberá iniciar unha transición política *post-Jammeh* marcada polas expectativas democráticas e de modernización, pero cuxa evolución está condicio-

nada por importantes tensións e obstáculos: a Comisión da Comunidade Económica dos Estados de África Occidental (CEDEAO) lidera a presión internacional contra Jammeh para que se comprometa cunha transición pacífica a favor de Barrow trala asunción do novo goberno. O reto de Barrow de modernizar un país islámico e multiétnico, escasamente conectado co exterior e con elevados niveis de pobreza (60%, ONU, 2013), pasa por asegurar unha transición democrática a través do fortalecemento do equilibrio institucional quebrantado durante dúas décadas de réxime militar, a liberación de presos políticos, e a atracción de investimentos exteriores, principalmente orientados ás infraestruturas.

■ Antonio Guterres



Ex primeiro ministro portugués, ex presidente da Internacional Socialista e ex Alto Comisionado da ONU para os Refuxiados, Antonio Guterres (67 anos) foi electo o 12 de outubro como novo Secretario Xeral das Nacións Unidas, cargo que asumiu o 1º xaneiro de 2017 en substitución do coreano **Ban Ki-moon**. Deste xeito, Guterres convértese no primeiro representante dun país lusófono en

liderar o máximo organismo a nivel mundial. Destaca a súa aposta pola “diplomacia de paz” nun contexto xeopolítico internacional trazado polas complexidades emanadas das tensións bélicas e de posguerra (Siria, Libia, Iraq, Afganistán), das crises diversas (proliferación nuclear, terrorismo xihadista, carreira de armamentos, refuxiados), da necesidade de asumir os Obxectivos do Milenio e de dar curso á constantemente postergada reforma estrutural da ONU. Guterres deberá afrontar a emerxencia de imprevisibles liderados políticos que poden socavar o papel da ONU como principal garante da paz, da seguridade internacional e da resolución de conflitos.

■ Tsai Ing-wen



A histórica vitoria obtida nas eleccións presidenciais de Taiwán (16 de xaneiro de 2016) colocou a Tsai Ing-wen (60 anos) e ao seu Partido Democrático Progresista (PDP) no epicentro da atención internacional nun contexto de incertezas, principalmente de cara á preservación do *statu quo* nas relacións coa China continental. A vitoria de Tsai Ing-wen, derrotada previamente nos comicios de 2012 nos que competía con **Ma**

Ying-jeou, do KMT, inaugura un novo tempo político en Taiwan. O seu rexeitamento da política de “Unha soa China”, expresada no chamado *Consenso de 1992*, abre unha fronte importante de controversia co continente. A desfeita e confusión que vive o KMT tras sucesivas e importantes derrotas electorais, a persistencia dun forte sentimento identitario na illa que atrae aos mais mozos e a hipótese dunha renovación á alza dos compromisos de seguridade e económicos de EUA ou Xapón, confírenlle un protagonismo crecente na rexión. Partidaria dunha coexistencia distanciada con Beijing, Tsai aposta por fortalecer as capacidades democráticas da illa e alentar unha integración rexional en diversos planos que garanta a propia existencia independente da illa.

■ Fidel Castro Ruz



O pasamento aos 90 anos do histórico líder da Revolución cubana o pasado 25 de novembro pecha simbolicamente unha era en América Latina e na política internacional. Representante da “guerra fría” e figura emblemática do século XX, Fidel Castro impulsou un carismático e enérxico liderado

que colocou a un país periférico como Cuba no epicentro de política internacional. O peso da súa figura e legado non deixa indiferente a ninguén, como tampouco amósase desprovisto de controvertidas percepcións. Fiel ao seu legado revolucionario que lle achegou ao bloque do socialismo real, Fidel impulsou unha revolución nacionalista contra a principal potencia capitalista mundial (EUA), superando constantes adversidades e apostando por fortalecer un Terceiro Mundo en movemento. Se ben destacou na faceta de “home de acción”, a súa visión intelectual permitiulle influír na reflexión teórica sobre o futuro dos ideais progresistas nun mundo cambiante. Nunha Cuba inmersa nun proceso de transición, o legado de Fidel tanto pode servir de acicate como de rémora para acadar un maior desenvolvemento e benestar na illa caribeña.

Os Autores



David Alvarado

é xornalista e politólogo, correspondente de prensa no Magreb desde hai varios anos, investigador asociado do IGADI.



Nazanín Armanian

é escritora e politóloga iraniana, exiliada en España desde 1983.



Daniel González Palau

é licenciado en Ciencias Políticas e vicedirector do IGADI.



Roberto Mansilla Blanco

é analista do IGADI.



Roberto Montoya

é analista de política internacional e autor, entre outras obras, de 'El imperio global' e 'La impunidad imperial'.



Pere Ortega é investigador


e activista da paz e o desarme, presidente do Centre Delas d'Estudis per la Pau.



Marola Padín Novas
é licenciada en Ciencias
Políticas e analista do
Observatorio de la Política
China.



**Antonio Carlos
Pereira Menaut**
é catedrático Jean Monnet
(199) e profesor na USC.



Xulio Ríos
é director do IGADI.



Alfredo Toro Hardy é
diplomático e académico
venezolano. Ocupou algunhas
das principais embaixadas
do seu país, dirixiu diversas
institucións académicas
no campo das relacións
internacionais e escribiu en
autoría ou coautoría máis de
trinta obras nesta materia.




IGADI ANNUAL REPORT 2016-2017



As in- certezas acapa- ran a evolu- ción in- ternacio- nal



www.igadi.org



En Galicia temos opinión do Mundo

